# informe de actividade issga 2010












XUNTA DE GALICIA

# Informe de Actividade

# 2010

## INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA)

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo e Benestar

2011

® Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Depósito Legal: C 768-2011.

Imprime: NINO-Centro de Impresión Dixital.

# Índice

Páxina

**Limiar** .......... **5**

**1. Estrutura e organización** .......... **7**
1.1. Órganos de dirección e xestión .......... 7
1.2. Órganos de xestión .......... 11

**2. Recursos** .......... **15**
2.1. Recursos humanos .......... 15
2.2. Recursos económicos .......... 18
2.3. Instalación e dotación de medios .......... 20

**3. Actividade institucional** .......... **23**
3.1. Normativa .......... 23
3.2. Accións de promoción .......... 23
3.3. Publicacións .......... 29
3.4. Consultas técnicas .......... 32
3.5. Formación interna .......... 33
3.6. Participación en grupos de traballo, xornadas técnicas e foros doutras entidades. .......... 35

**4. Relacións con outros organismos** .......... **45**
4.1. Convenios .......... 45
4.2. Coordinación con outros organismos da Administración .......... 46

**5. Actuación técnica** .......... **49**
5.1. Tarefas de investigación e asistencia técnica .......... 49
5.2. Programa de traballos desenvolvidos para a autoridade laboral .......... 54
5.3. Asesoramento .......... 56
5.4. Accións formativas .......... 60
5.5. Hixiene analítica .......... 64
5.6. Medicina do traballo .......... 71

**6. Directorio** .......... **71**

**7. Anexos** .......... **73**

# Limiar

No artigo 6 da Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, establéce-se que con periodicidade anual elaborarase unha memoria de actividades, da que se dará conta ao Parlamento de Galicia aos efectos de control deste organismo.

Sen querer ser exhaustivos, neste documento recóllense as principais liñas de actuación do ISSGA durante o 2010.

Actuacións que supoñen o peche das encomendas contidas na Estratexia de Prevención de Riscos Laborais 2006-2010, e que estimamos cumpridas en preto dun 96% no que se refire a accións de carácter técnico.

A concreción de tarefas para o 2010 fíxase pola Comisión de Goberno que na súa reunión do 4 de decembro de 2009 aprobou o Plan de actividades 2010, establecendo as liñas de actuación para o dito período e no contexto do cumprimento dos obxectivos determinados no dito Plan estratéxico 2006-2010.

A participación cualificada dos axentes sociais (UGT Galicia, SN de CCOO de Galicia, CIG e CEG) no máximo órgano de goberno do ISSGA, pon de manifesto que as actividades recollidas nesta memoria deben identificarse como un traballo conxunto de todos os implicados no eido da seguridade e saúde laboral en Galicia.

Este documento estrutúrase en sete puntos: a estrutura e organización, os recursos, a actividade institucional, as relacións con outros organismos, a actuación técnica, así como o directorio e os anexos coa normativa e publicacións máis relevantes.

Con toda esta información que pretende, de xeito responsable e transparente, dar a coñecer a actividade do equipo humano do ISSGA, quérese tamén poñer en valor a necesaria asunción da prevención de riscos laborais polo tecido empresarial, traballadores e traballadoras e, en xeral, pola sociedade galega.

Adela Quinzá-Torroja García

Directora

# I. Estrutura e organización

A Lei 14/2007, de creación do ISSGA, desenvolve a estrutura e organización do organismo autónomo, e o Decreto 130/2008 establece a estrutura orgánica e funcional dos órganos de dirección e xestión.




## I.I. Órganos de dirección e xestión

### I.I.I. Comisión de Goberno

A Comisión de Goberno é un dos órganos de dirección do Instituto. Os seus membros, agás os designados por razón do seu cargo, foron nomeados por orde da persoa titular da consellería competente en materia de traballo, por proposta das consellerías e das organizacións sindicais e empresariais, conforme a composición definida no

artigo 7º da Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

As súas funcións, recollidas no artigo 8º da citada Lei, son:

- Establecer os criterios xerais de actuación en materia de seguridade e saúde laboral na comunidade autónoma, en virtude das políticas, dos programas e dos plans que estableza o Consello da Xunta de Galicia.
- Establecer as liñas xerais de actuación do Instituto e aprobar o plan anual de actividades.
- Aprobar o anteproxecto de orzamento anual.
- Elaborar o seu propio regulamento orgánico de funcionamento.

Pola Orde do 9 de novembro de 2009 actualízase a composición da Comisión de Goberno (DOG núm. 228, do 20 de novembro).

*Presidencia*

**Odilo Martiñá Rodríguez,** director xeral de Relacións Laborais

*Vicepresidencia*

**Sagrario Pérez Castellano,** secretaria xeral da Consellería de Sanidade
**Ángel Bernardo Tahoces,** director xeral de Industria, Enerxía e Minas

*Vogais*

**Adela Quinzá-Torroja García**, directora do ISSGA
**José Rega Piñeiro**, subdirector técnico e de Planificación do ISSGA
**José Ignacio Garrote Freire**, xefe do Servizo de Seguridade e Saúde Laboral da Dirección Xeral de Relacións Laborais
**Carlos Bellas Cebreiro**. UGT - Galicia
**Ascensión Esteban Ceballos**. SN de CCOO de Galicia
**Fernando Sabio Maroño.** Confederación Intersindical Galega
**Antón Arias Díaz-Eimil**. Confederación de Empresarios de Galicia

**Ovidio Pérez Reñones.** Confederación de Empresarios de Galicia
**José Antonio Neira Cortés.** Confederación de Empresarios de Galicia

*Secretaría*

**María José Miñones Conde**, subdirectora xeral de Administración e Persoal do ISSGA
Secretario/a suplente, o/a titular da xefatura do Servizo de Administración xeral

## Actividade da Comisión de Goberno

- Reunión en sesión ordinaria o 4 de maio de 2010 coa seguinte orde do día:
    1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
    2. Aprobación do regulamento orgánico de funcionamento da Comisión de Goberno
    3. Composición da Comisión permanente de carácter asesor nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais
    4. Información sobre a execución do Plan de Actuacións do 2010
    5. Información sobre o desenvolvemento do Plan Estratéxico para a Prevención de Riscos Laborais en Galicia 2006-2010
    6. Informar das accións efectuadas para dar cumprimento ás previsións normativas en materia de persoal do ISSGA
    7. Rogos e preguntas
- O día 30 de setembro de 2010 reúnese en sesión ordinaria coa seguinte orde do día:
    1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores, números 4/2009 e 1/2010
    2. Informar sobre a execución do Plan de Actuacións do 2010

3. Anteproxecto de orzamento de gastos do ISSGA para o ano 2011
4. Informar sobre os integrantes da Comisión permanente de carácter asesor nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais
5. Estudo e creación, se procede, dun grupo de traballo para avaliar a situación dos comités provinciais de seguridade e saúde laboral
6. Estudo e creación, no seu caso, dun grupo de traballo para establecer actuacións en materia de prevención de riscos laborais no ámbito educativo
7. Rogos e preguntas

- O día 20 de decembro reúnese en sesión ordinaria coa seguinte orde do día:
    1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior número 2/2010
    2. Informe sobre a execución do Plan Anual de Actividades do ISSGA de 2010
    3. Informar sobre o desenvolvemento do Plan Estratéxico para a Prevención de Riscos Laborais en Galicia 2006-2010
    4. Someter para a aprobación o Plan Anual de Actividades do ISSGA de 2011
    5. Informar sobre os grupos de traballo en materia de prevención de riscos laborais no ámbito educativo e para avaliar a situación dos comités provinciais de seguridade e saúde laboral
    6. Rogos e preguntas

### 1.1.2. Dirección do ISSGA

A dirección do Instituto correspóndelle á persoa que, con categoría de director ou directora xeral, se nomee por decreto da Xunta de Ga-

licia por proposta do titular da consellería competente en materia de traballo.

As súas funcións, recollidas no artigo 6º da Lei 14/2007, son:

- Representar institucionalmente ao Instituto.
- Dirixir os servizos administrativos do Instituto e desenvolver a xefatura do todo o persoal ao seu servizo.
- Autorizar os gastos necesarios e ordenar os pagamentos correspondentes do Instituto.
- Elaborar o borrador do anteproxecto de orzamento para a súa presentación á Comisión de Goberno.
- Representar legalmente o Instituto. Actuar como órgano de contratación e subscribir os convenios e os acordos que corresponda.
- Elaborar a memoria anual para a súa remisión á Comisión de Goberno.
- Proporcionarlles ás consellerías con competencias concorrentes na materia de seguridade e saúde laboral canta información precisen para o desenvolvemento das súas funcións.

A directora do ISSGA, **Mª Adela Quinzá-Torroja García**, foi nomeada polo Decreto 361/2009 (DOG núm. 149 do 31 de xullo do 2009).

## 1.2. Órganos de xestión

As funcións dos órganos de xestión recóllense nos artigos 5º e 6º do Decreto 130/2008.

No desenvolvemento destas funcións, especialmente das de carácter técnico, é fundamental a actividade dos centros de seguridade saúde laboral, que actúan como instrumentos de asesoramento, control e asistencia técnica das actividades en materia de prevención de riscos laborais, ao tempo que acollen actividades formativas e desenvolven labores de información.




A estrutura xeral dos centros territoriais indícase nas páxinas seguintes.

## Centro ISSGA A Coruña

## Centro ISSGA Lugo



## Centro ISSGA Ourense

- **Xefatura do centro**
  - **Equipo Técnico de Seguridade e Hixiene**
    - Sección Seguridade
    - Sección Hixiene Campo e Analítica
  - **Equipo Técnico Medicina Laboral**
    - Sección Recoñecemento e Análise
  - Sección Formación
  - **Administración**

## Centro ISSGA Pontevedra

- **Xefatura do centro**
  - Equipo Técnico de Seguridade
    - Sección Seguridade Industria
    - Sección Seguridade Construción
    - Sección Seguridade Sector Primario
  - **Equipo Técnico Hixiene**
    - Sección Hixiene Campo
  - **Equipo Técnico Medicina Laboral**
    - Sección Recoñecemento e Análise
  - Sección Formación
  - **Administración**

# 2. Recursos

## 2.1. Recursos humanos

Para a xestión das súas funcións, o ISSGA conta cun cadro de persoal formado por 145 persoas, das que un 12,41% é persoal laboral e un 87,59 % funcionario. O 85,52 % traballa nos centros territoriais e o 14,48 % na sede da dirección.

A creación do organismo autónomo e a posta en marcha da súa estrutura orgánica e unidades administrativas supuxo a necesidade de creación de determinados postos de traballo que, xunto coa integración do persoal dos centros territoriais, deu lugar a unha modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Traballo e Benestar que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia do 30 de outubro de 2008 e publicada no DOG do 14 de novembro.

| SEDES | Funcionarios | Laborais | Totais |
|---|---|---|---|
| Santiago | 21 | 0 | 21 |
| A Coruña | 33 | 7 | 40 |
| Lugo | 17 | 3 | 20 |
| Ourense | 15 | 3 | 18 |
| Pontevedra | 41 | 5 | 46 |
| **Totais** | **127** | **18** | **145** |







Os postos de persoal técnico de prevención de riscos laborais supoñen unha porcentaxe significativa respecto ao total do cadro de persoal, tal e como se reflicte no cadro da páxina seguinte.

| Sedes | Cadro de persoal | Cubertos | Técnicos de prevención de riscos laborais | Cubertos | Porcentaxe de técnicos |
|---|---|---|---|---|---|
| Santiago | 21 | 19 | 7 | 6 | 33,3 % |
| A Coruña | 40 | 37 | 21 | 21 | 52,5 % |
| Lugo | 20 | 19 | 13 | 12 | 65,0 % |
| Ourense | 18 | 18 | 11 | 11 | 61,1 % |
| Pontevedra | 46 | 40 | 24 | 20 | 52,2 % |
| **Totais** | **145** | **134** | **76** | **70** | **52,41 %** |




Na sede da dirección do ISSGA, a través da Subdirección de Administración e Persoal, realízanse as tarefas propias da xestión do persoal mediante o programa informático CEPAL. Realízase toda a tramitación administrativa relacionada co persoal: tomas de posesión e cesamentos, redacción dos contratos do persoal laboral e prórrogas, licenzas e permisos, xestión das altas e baixas na seguridade social, incapacidades temporais, partes de alta, baixa e confirmación, etc.

## 2.2. Recursos económicos

O orzamento do ISSGA vén dado pola correspondente transferencia de crédito da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar.

O importe transferido correspóndese co orzamento de ingresos do que o ISSGA dispón para a execución das súas actuacións durante o exercicio económico de 2010, para facer fronte aos gastos de persoal, funcionamento e operatividade dos servizos centrais e dos centros territoriais e investimentos de carácter material e inmaterial.

| ORZAMENTO DE INGRESOS (en euros) | |
|---|---|
| ADMINISTRACIÓN XERAL - CAP IV | 6.547.062 |
| ADMINISTRACIÓN XERAL - CAP VII | 2.521.200 |
| **TOTAL** | **9.068.262** |

| ORZAMENTO DE GASTOS (en euros) | |
|---|---|
| CAPÍTULO I. GASTOS PERSOAL | 5.765.565 |
| CAPÍTULO II. GASTOS BENS CORRENTES E SERVIZOS | 781.497 |
| CAPÍTULO VI. INVESTIMENTOS REAIS | 2.521.200 |
| **TOTAL** | **9.068.262** |

### Contratación

Ao Instituto correspóndelle a xestión dos expedientes de contratación incluídos dentro do ámbito da súa competencia. No ano 2010 publicáronse no DOG as adxudicacións de diversos expedientes do 2009 e xestionáronse novos expedientes de contratación:

- **Resolución do 3 de decembro de 2009** pola que se fai pública a adxudicación dun servizo para a realización de accións de difusión e divulgación da prevención de riscos laborais entre a poboación escolar da Comunidade Autónoma de Galicia. Campaña Moitollo (Expte. 2/2009). (DOG nº 3 do 07/01/2010)
- **Resolución do 9 de decembro de 2009** pola que se fai pública a adxudicación dun servizo para a realización de accións de formación e difusión da prevención de riscos laborais mediante unha escola de prevención. (Expte. 4/2009). (DOG nº 3 do 07/01/2010)
- **Resolución de 14 de decembro de 2009** pola que se fai pública a adxudicación dunha subministración de diverso equipamento dos laboratorios de hixiene analítica e medicina laboral para os centros provinciais de seguridade e saúde laboral deste instituto. (Expte. 3/2009). (DOG nº 5 do 11/01/2010)
- **Resolución do 10 de decembro de 2009** pola que se fai pública a adxudicación dunha subministración de diverso material promocional para a sensibilización da poboación escolar en materia de riscos laborais. (Expte. 5/2009). (DOG nº 6 do 12/01/2010)
- **Resolución do 15 de decembro de 2009** pola que se fai pública a adxudicación da subministración de diferentes equipamentos dos departamentos de hixiene industrial e medicina laboral para os seus centros provinciais de seguridade e saúde laboral. (Expte. 6/2009). (DOG nº10 do 18/01/2010)
- **Resolución do 16 de decembro de 2009** pola que se fai pública a adxudicación do servizo para a execución de enquisas sobre as condicións de traballo dos traballadores/as das empresas galegas e sobre a xestión da prevención de riscos laborais nas empresas galegas. (Expte. 8/2009). (DOG nº 6 do 19/01/2010)
- **Resolución do 6 de abril de 2010** pola que se fai pública a adxudicación dun servizo de difusión e divulgación en diversos medios de difusión (televisión, radio, prensa escrita diaria

e publicidade exterior) da campaña para a formación e concienciación da sociedade galega na prevención de riscos laborais. (Expte. 12/2009). (DOG nº 82 do 03/05/2010)

- **Resolución do 6 de abril de 2010** pola que se fai pública a adxudicación da subministración de cinco vehículos con destino aos centros provinciais de seguridade e saúde laboral do ISSGA. (Expte. 13/2009). (DOG nº 82 do 03/05/2010)
- **Resolución do 6 de abril de 2010** pola que se fai pública a adxudicación do servizo para o deseño e creatividade dunha campaña de promoción para potenciar a prevención de riscos laborais entre o alumnado de formación profesional de Galicia. (Expte. 11/2009). (DOG nº 82 do 03/05/2010)
- **Resolución do 24 de maio de 2010** pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, da contratación do servizo de limpeza no Centro Provincial de Seguridade e Saúde Laboral da Coruña. (Expte. 2/2010). (DOG nº 111 do 14/06/2010)
- **Resolución do 25 de maio de 2010** pola que se fai pública a adxudicación da contratación da obra de reparación exterior e adecuación de espazos interiores do Centro Provincial de Seguridade e Saúde Laboral da Coruña. (Expte. 7/2009). (DOG nº 112 do 15/06/2010)
- **Resolución do 21 de xuño de 2010** pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, da contratación do servizo de limpeza no Centro Provincial de Seguridade e Saúde Laboral de Pontevedra. (Expte. 3/2010). (DOG nº 131 do 12/07/2010)

## 2.3. Instalación e dotación de medios

### Informatización

Co obxectivo de contar cun sistema que sirva de apoio á xestión eficaz do organismo, e de acordo coas novas tecnoloxías, o Instituto realizou no ano 2010 as seguintes actuacións nesta área:

- Actualización da páxina web do ISSGA para configurala como a plataforma básica de difusión e actualización permanente en prevención de riscos laborais de Galicia.
- Dotar o ISSGA dun sistema integrado e común que facilite a xestión e o acceso á información que se xera nas diferentes áreas de actuación preventiva de seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía aplicada e medicina do traballo e vixilancia da saúde. No ano 2010 iníciase o desenvolvemento dos módulos de medicina e administración de xestor integral.
- Desenvolvemento dunha aplicación informática para a explotación da información do Plan Estratéxico e do Plan Anual de Actividades do Instituto.
- Adquisición dunha licenza de aplicación informática para os departamentos de medicina laboral e de xestión da sinistralidade, SPSS.
- Creación de dúas aplicacións para a xestión das consultas estatísticas de sinistralidade laboral e da explotación dos resultados das enquisas de condicións de traballo nas empresas galegas e das condicións de traballo do persoal traballador de Galicia, que son visibles nun enlace específico da web institucional do ISSGA.
- Elaboración dunha base de datos para a xestión do RERA (Rexistro de empresas con risco de amianto) e doutros trámites relacionados coa presentación e aprobación dos plans de traballo.
- Elaboración dunha base de datos para o procesamento dos datos do Mapa de Risco Químico de Galicia.
- Adquisición de equipamento informático en modo renting, dentro do concurso centralizado convocado pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- Adquisición de equipamento informático e de medios audiovisuais para a posta en marcha da escola de prevención no centro do ISSGA en Pontevedra.

- Adquisición de licenza de software informático de avaliación de riscos ergonómicos Ergo-IBV.
- Adquisición de licenza software informático de avaliación de riscos psicosociais Psicomap.

## Dirección do ISSGA e centros territoriais

Deuse continuidade ás necesidades de equipamento e adecuación das instalacións da sede do ISSGA en Santiago de Compostela.

No centro da Coruña realizáronse obras de reforma e mellora das instalacións.

No edificio anexo ao centro de Pontevedra executáronse as obras de acondicionamento da aula de risco eléctrico e da escola de prevención.

No centro de Ourense adecuouse un espazo para a axeitada custodia das historias clínicas.

No centro de Lugo mellorouse o equipamento mobiliario.

# 3. Actividade institucional

## 3.1. Normativa

A continuación dáse unha relación da principal normativa publicada no 2010 que pode consultarse nos anexos.

- **Orde do 30 de marzo de 2010** pola que se lle dá publicidade ao acordo polo que se resolve a encomenda de xestión ao ISSGA do desenvolvemento material das actividades relacionadas coa tramitación de expedientes e o rexistro de datos relativos a exencións de auditorías en aplicación do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.
- **Orde do 23 de agosto de 2010** pola que se aproba o Regulamento orgánico de funcionamento da Comisión de Goberno do ISSGA.
- **Resolución do 14 de outubro de 2010** pola que se crea a Comisión para a integración da igualdade e se nomean os seus membros.

## 3.2. Accións de promoción

### 3.2.1. Campañas

Leváronse a cabo distintas accións de promoción, divulgación e sensibilización durante o ano 2010:

- Campaña “A vida espérate”

Para a sensibilización e concienciación da sociedade galega na prevención de riscos laborais. A súa difusión realizouse a través de diferentes medios: prensa, televisión, radio, dixitais...

- Campaña “Movemento contra a lei de Murphy”

Esta campaña de comunicación publicitaria está dirixida ao alumnado de formación profesional que a curto prazo se incorporará ao mercado laboral aínda que a mensaxe é extensible ao resto da sociedade. O acto de presentación tivo lugar no CIFP Politécnico de Santiago e incluíu un monólogo sobre a prevención de riscos laborais, que tamén se presentou noutros centros. A información da campaña concentrouse na páxina web, www.contramurphy.com.

- Promoción da prevención de riscos laborais a través da Escola de Prevención de Riscos Laborais (EPRL)

A escola de prevención créase como un espazo físico onde se dá resposta á necesidade de formar docentes, educadores, escolares e á cidadanía galega no ámbito da prevención. En canto á programación da escola, desenvólvense obradoiros en distintos ámbitos: riscos domésticos, seguridade viaria, equipos de protección individual (EPI), primeiros auxilios e ergonomía e psicosocioloxía; nos que se atende os escolares e docentes que acoden. A escola conta con profesionais que organizan distintas actividades e xogos co alumnado para facerlle chegar a importancia da prevención.

A EPRL é un servizo que estivo contratado ata novembro de 2010. A partir desa data, iniciouse a posta en marcha da escola no edificio anexo ao centro do ISSGA en Rande (Pontevedra), e a súa xestión depende directamente de persoal do ISSGA.

| Escola de Prevención de Riscos Laborais | |
|---|---|
| CENTROS EDUCATIVOS | 52 |
| ALUMNOS | 1754 |
| CHARLAS ESPECÍFICAS (ASISTENTES) | 259 |
| OBRADOIROS (ASISTENTES) | 4064 |
| CICLOS DE CINE (ASISTENTES) | 356 |

- Campaña de prevención de riscos por sobreesforzos

Dirixida ao sector da hostalaría e comercio na provincia de Pontevedra en colaboración coa Asociación de Comerciantes e Hostaleiros de Santiago de Vigo (Vigo) e APCAP (Asociación Provincial de Cafeterías e Pubs de Pontevedra).

- Campaña de prevención de riscos laborais no tráfico

En colaboración co RACE, realizáronse dúas xornadas técnicas e difusión de trípticos e carteis a 300 empresas.

- Campaña de promoción da prevención dos autónomos do sector da pesca de baixura

Realizada nas 62 confrarías de pescadores de Galicia en colaboración coa Federación Galega de Confrarías de Pescadores e as federacións provinciais de Confrarías de Pescadores da Coruña, Lugo e Pontevedra.

### 3.2.2. Participación en congresos e outros eventos

O ISSGA estivo presente en varios congresos e eventos relacionados coa prevención de riscos laborais coa participación institucional, intervencións en foros e relatorios e coa instalación de varios postos dedicados á difusión das súas actividades.

- Congreso de Prevención de Riscos Laborais no Sector da Construción. OSALAN (Instituto Vasco de Seguridade e Saúde Laboral)

San Sebastián, 17 e 18 de febreiro
Stand institucional

- Congreso de Unións Agrarias

Santiago de Compostela, 19 e 20 de febreiro
Stand institucional

- Feira da Construción de Galicia. SICO

Vigo, 18, 19, 20 e 21 de marzo
Stand institucional

- Xuventude Galicia Net

Santiago de Compostela, do 26 ao 28 de marzo
Stand institucional

- Centro de Formación de Formega

A Coruña, 10 de marzo
Participación institucional no acto de inauguración

- Conferencia europea de contribución á avaliación a medio termo da Estratexia Comunitaria de Saúde e Seguridade no Traballo 2007-2012

Barcelona, 22 e 23 de abril
Participación institucional

- Feira de Mostras de Lugo. FEMAGA. Feira dos autónomos

Lugo, do 29 de abril ao 2 de maio
Stand institucional

- 8º Congreso Internacional de Prevención de Riscos Laborais. ORP Valencia

Valencia, do 5 ao 7 de maio
Stand institucional

- PREVISEL. Salón da Prevención e Seguridade Laboral

Ourense, 12 e 13 de maio
Stand institucional e intervención con relatorios

- Navalia. Feira Internacional da Industria Naval

Vigo, do 18 ao 20 de maio
Stand institucional e participación en foro

- 10ª edición do Congreso Andaluz de Seguridade e Saúde Laboral, PREVEXPO 2010

Granada, do 19 ao 21 de maio
Stand institucional

- Conferencia Europea sobre Promoción da Saúde e o Benestar no Traballo: estrés laboral –estrés policial

Santiago de Compostela, 27 e 28 de maio
Intervención con relatorio

- Reunión de Expertos sobre Prevención e Protección Social do Traballador Marítimo-Pesqueiro

Bamio (Pontevedra), 2 e 3 de xuño
Participación institucional

- Día do Cooperativismo Galego 2010. Oportunidades cooperativas para mulleres e homes

Pazo de Baión (Pontevedra), 3 de xullo
Participación institucional

- FIMO. Feira Internacional de Mostras do Noroeste

Ferrol, do 6 ao 11 de xullo
Stand institucional

- Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT). Seminario “Políticas integradas de risco químico”

Madrid, 15 xullo
Asistencia

- Feira de Mostras de Pontevedra. FEMAGA. Feira dos Autónomos

Pontevedra, do 9 ao 12 de outubro
Stand institucional

- FEXDEGA. Feira Multisectorial

Vilagarcía, do 9 ao 12 de outubro

Stand institucional

- I Congreso de Prevención de Riscos Laborais da Comunidade de Madrid

Madrid, 14 e 15 de outubro
Stand institucional

- Congreso Internacional de Prevención de Riscos Laborais

Facultade de Ciencias de Lugo, do 20 ao 21 de outubro
Stand institucional e intervención con relatorios

- VI Xornadas Estatais da Asociación de Especialista sen Enfermaría do Traballo "Xestionamos a saúde dos traballadores"

Ourense, 22 e 23 de outubro
Participación no comité de honra

- Seminario sobre a Estratexia Española e das Comunidades Autónomas en Prevención de Riscos Laborais

As Palmas de Gran Canaria, 16 de novembro
Intervención con relatorio

- Experiencia internacional no Finish Institute of Occupational Health (FIOH), Universidade de Tempere, VTT Technical Research Centre of Finland e NCC Construction Company

Helsinki, Tampere, Kakslautanen, do 2 ao 8 de decembro
Participación institucional

- Feira de Mostras da Coruña. FEMAGA. Feira dos Autónomos

A Coruña, do 4 ao 8 de decembro
Stand institucional




## 3.3. Publicacións

Ao longo deste ano o ISSGA vén de publicar unha serie de documentos en formato impreso que tamén se poden descargar da páxina web do ISSGA en formato dixital.

- Follas de Prevención

Publicación mensual, en galego e castelán, en formato papel e dixital coa que se pretende a divulgación de temas relacionados coa prevención de riscos laborais. Editáronse as seguintes:

- Núm. 15 “Os equipos de protección individual e a súa correcta utilización”
- Núm. 16 “A doenza profesional”
- Núm. 17 “Acoso psicolóxico no traballo ou mobbing”
- Núm. 18 “Riscos eléctricos no sector naval (I)”
- Núm. 19 “Riscos eléctricos no sector naval (II)”
- Núm. 20 “Riscos psicosociais”

- Núm. 21 “Coordinación de actividades empresariais nas actividades de construción e reparación naval (I)”
- Núm.22 “Coordinación de actividades empresariais nas actividades de construción e reparación naval (II)”
- Núm. 23 “Soldadura eléctrica na actividade naval”

- Avance da “Sinistralidade laboral en Galicia 2009 ”

Publicación na que se amosan datos de interese estatístico con carácter previo á publicación do anuario de sinistralidade laboral.

- Anuario de “Sinistralidade laboral en Galicia 2009”

Monografía dedicada á estatística descritiva da sinistralidade laboral en Galicia correspondente ao ano 2009. Ademais cada libro leva un cd-Rom en bolsa adhesiva. Publicado no mes de xuño e dispoñible tamén na páxina web do ISSGA.

- Informe de actividades 2009

Durante o primeiro trimestre do ano elaborouse o informe das actividades realizadas durante todo o ano 2009. Este documento tamén está dispoñible na páxina web do ISSGA.

- Programa de actividades formativas do ISSGA 2010

Editado en formato papel. Tamén está dispoñible na páxina web.

- Trípticos de riscos por amianto

Elaboráronse dous trípticos:

“Riscos por amianto: obrigas das empresas”
“Risco por amianto na construción”

- Carteis e políptico informativos da nova etiquetaxe dos produtos químicos

Debido á publicación do Regulamento CE nº 1272/2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, neste

ano editáronse un políptico e catro carteis que informan sobre os aspectos máis salientables que hai que ter en conta segundo a nova etiquetaxe. O políptico leva o título de “Produtos químicos perigosos: a nova etiqueta”. Os contidos dos carteis son os seguintes: dous deles versan sobre o novo sistema de clasificación e etiquetaxe dos produtos químicos perigosos, un terceiro sobre a nova etiqueta dos produtos químicos canceríxenos, mutaxénicos, tóxicos para a reprodución (CMR) e sensibilizantes e o último trata sobre os produtos químicos perigosos, o novo sistema de clasificación e etiquetaxe. Publicados todos no mes de abril están dispoñibles tamén na páxina web do ISSGA.

- Análise dos accidentes de traballo por sobreesforzo

Comunicación feita con motivo da participación do ISSGA no VIII Congreso de Prevención de Riscos Laborais que tivo lugar en Valencia a principios do mes de maio.

- Análise da saúde do persoal traballador do sector agrario na provincia de Lugo. Patoloxías predominantes

Póster elaborado con motivo da participación do ISSGA no VIII Congreso de Prevención de Riscos Laborais que tivo lugar en Valencia a principios do mes de maio.

- Tratado para a prevención de riscos laborais. Sector naval

Tratado dirixido aos profesionais da seguridade e a saúde que dun ou doutro xeito deben abordar a prevención dos riscos laborais desta actividade tan característica. Foi elaborado en colaboración con Asime (Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia).

Posúe unha orientación eminentemente técnica na que se outorgou unha especial relevancia a aqueles aspectos que presentan unha maior falta de concreción lexislativa.

- Tratado para a prevención de riscos laborais. Sector eléctrico

Elaborado en colaboración con Asinec (Asociación Provincial de Industriais Electricistas e de Telecomunicacións da Coruña) como complemento e axuda á formación dos traballadores e das traballadoras do sector eléctrico. É unha publicación innovadora polo seu

estilo sinxelo e alcanzable, cuns contidos eminentemente prácticos que recollen os riscos deste tipo de traballos, as precaucións e as normas operativas de seguridade que hai que ter en conta cando se realizan traballos ou manobras en instalacións ou con equipos eléctricos. A publicación inclúe, asemade, un decálogo de boas prácticas para un exercicio laboral máis seguro.

- Tratado para a prevención de riscos laborais. Sector da pesca de baixura

Elaborada en colaboración con Mar Seguro de Galicia trata sobre a prevención de riscos laborais na pesca de baixura, marisqueo e acuicultura. Divídese en tres bloques: o primeiro sobre conceptos xerais e cuestións lexislativas, o segundo sobre artes de pesca, riscos asociados e solucións e o último sobre emerxencias e primeiros auxilios.

## 3.4. Consultas técnicas

O ISSGA ten establecido un protocolo de resposta ás consultas técnicas que os cidadáns poden formular. Este protocolo pretende dar resposta ás consultas que entran no ISSGA, con un criterio común e un límite de tempo establecido para garantir un estándar de calidade neste servizo.

As consultas técnicas poden chegar ao ISSGA de diversos xeitos, entre os que destacamos:

- Páxina web do ISSGA: na páxina existe un apartado chamado “contacta connosco” no que o usuario só ten que cubrir un formulario para enviar a súa consulta.
- Teléfono: os usuarios poden chamar directamente aos centros territoriais ou á dirección do ISSGA
- Outros medios: correo postal, escritos ou instancias que entren por rexistro, fax, etc.

O número de consultas atendidas no 2010 é o seguinte:

| | |
|---|---|
| Consultas escritas | 410 |
| Consultas verbais | 2391 |

Ademais destas consultas técnicas o ISSGA tamén dá resposta a outro tipo de cuestións relacionadas cos cursos programados e dispoñibilidade de material didáctico ou solicitudes de publicacións e outro material impreso.

## 3.5. Formación interna

Ao longo do 2010 realízanse accións formativas de actualización e mellora para os técnicos do ISSGA.

- Curso sobre riscos en atmosferas explosivas

Impartido por técnicos especialistas en atmosferas explosivas de Fremap Mutua de AT e EP, para a parte teórica, e por responsables da empresa Puleva Food SL, para a parte práctica. Os lugares onde se impartiu o curso foron: Santiago de Compostela (19, 20 e 21 de xaneiro) e Nadela (Lugo) onde se visitou a empresa Puleva Food SL o 14 de abril.
Asistentes: 35

- Curso “Mellora da calidade en laboratorios”

Organizado pola Universidade da Rioxa, curso en liña do 28 de outubro do 2009 ao 19 de febreiro.
Asistentes: 2

- Xornada técnica de instalacións eléctricas de obra

Impartida por persoal de Acciona. A parte teórica desenvolveuse no Centro do ISSGA da Coruña e a parte práctica nas instalacións do polígono industrial de Sabón. Esta xornada tivo lugar o 25 de marzo.
Asistentes: 7

- Curso de manexo de paquete estatístico SPSS

Impartido pola empresa que dá soporte a esta aplicación informática no Estado español. Este curso impartiuse nas instalacións da EGAP en Santiago de Compostela, os días 24 e 25 de marzo.
Asistentes: 8

- Curso de “Introdución a técnicas cromatográficas”

Organizado pola EGAP, do 12 ao 16 de abril.
Asistentes: 2

- II Curso específico de formación para o exercicio de accións comprobatorias das condicións de traballo e saúde nas empresas e centros de traballo para técnicos do ISSGA

Impartido por inspectores de Traballo e Seguridade Social. Tivo lugar na EGAP do 25 ao 27 de maio.
Asistentes: 25

- Curso de amianto para técnicos das administracións

Organizado polo centro do Issga da Coruña o 21 e o 22 de setembro.
Asistentes: 11

- Curso de prevención de riscos no sector pesqueiro

Organizado polo centro de ISSGA de Pontevedra en colaboración co Porto de Vigo. Tivo lugar o 27 e o 28 de outubro.
Asistentes: 10

- Curso "Ergonomía I e Psicosocioloxía Aplicada I"

Organizado polo Instituto Vasco de Seguridade e Saúde Laboral (OSALAN). Tivo lugar en Bilbao os días 20, 21, 27 e 28 de outubro e 3, 4, 11, 12, 17 e 18 de novembro.
Asistentes: 2

- Curso sobre identificación de febras de amianto en materiais. Método MOPD

Organizado e impartido polo Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT) no Centro de Verificación de Maquinaria de Bilbao o 10 e 11 de novembro.
Asistentes: 1

- Curso sobre validación e cálculo de incertezas en ensaios fisicoquímicos

Impartido polo Colexio Oficial de Químicos de Galicia na Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, do 22 ao 24 de novembro.
Asistentes: 1

- Curso "Mellora das habilidades comunicativas"

Desenvolvido ao abeiro da formación continua da EGAP, tivo lugar entre o 24 e o 26 de novembro de 2010.
Asistentes: 8

# 3.6. Participación en grupos de traballo, xornadas técnicas e foros doutras entidades.

## 3.6.1. Grupos de traballo da CNSST, INSHT e Aenor

O ISSGA ten presenza, por medio dos seus técnicos, en distintos grupos de traballo da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (CNSST), do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT) e de Aenor.

Os grupos de traballo da CNSST nos que participa o ISSGA representando á comunidade autónoma son os seguintes:

- Estratexia española de seguridade e saúde no traballo 2007-2012
- Educación e formación en prevención de riscos laborais
- Amianto
- Traballadores autónomos
- Construción
- Sector agrario
  - Vixilancia da saúde no sector agrario
  - Sinistralidade na agricultura
- Plan Prevea (programa voluntario de redución de accidentes)
- Valores límite

O ISSGA tamén participa nos seguintes grupos de traballo que se constituíron ao abeiro de proxectos propostos polo INSHT ás comunidades autónomas no Comité Técnico Mixto do Ministerio de Traballo e Inmigración.

- Grupo de traballo: base de situacións de traballo –caracterización de situacións de exposición a axentes químicos

- Grupo de unificación de criterios estatísticos de sinistralidade laboral
- Rede de institutos públicos para a investigación en prevención de riscos laborais
- Grupo base de situacións perigosas en máquinas (BSTPMAQ)
- Grupo de traballo: análise cualitativa da mortalidade por accidente de traballo

Membros do ISSGA participan nos seguintes comités técnicos da Asociación Española de Normalización (AENOR)

- Comité técnico AEN/CTN81 "Prevención e medios de protección persoal e colectiva no traballo"
- Subcomité AEN/CTN81/SC3 "Seguridade das máquinas"

### 3.6.2. Xornadas técnicas en colaboración

O ISSGA colaborou na organización de actividades formativas coas entidades que se relacionan e nas que participaron un total de 3662 alumnos.

Consellería do Mar

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada técnica "Seguridade no traballo no mar"

ISSGA Santiago

- IV Encontro de mariscadores de recursos específico con técnicas de mergullo: navalla e ourizo

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Centro ISSGA. Lugo (IES Sanxillao)

- Xornada técnica de primeiros auxilios. Hostalaría

Centro ISSGA. Lugo (IES Lucus Augusti)

- Xornada  técnica primeiros auxilios

Centro ISSGA. Lugo (IES Lois Peña Novo)

- Xornada técnica prevención riscos laborais e primeiros auxilios

Centro ISSGA. Ourense (catro IES da provincia)

- Cursos básicos de prevención de riscos laborais

Centro ISSGA. Pontevedra (IES A Paralaia-Moaña)

- Curso primeiros auxilios

Centro ISSGA. Pontevedra (IES de Teis)

- Seguridade e Saúde Laboral

Centro ISSGA. Pontevedra (CIFP Carlos Oroza-Pontevedra)

- Curso de primeiros auxilios e riscos específicos

Centro ISSGA. Pontevedra (Instituto FP Vilanova de Arousa, IES Manuel Antonio, IES Vilanova de Arousa)

- Xornada "A prevención de riscos laborais. A hixiene industrial"

### Consellería do Medio Rural

ISSGA Santiago. Centros ISSGA Ourense e A Coruña.

- Cursos de prevención de riscos laborais no sector do agro

Centro ISSGA Ourense. (CEIP "A Farixa" e Escola de Capacitación Agraria de Monforte)

- Curso aplicador, manipulador de produtos fitosanitarios nivel cualificado

### Escola Naval Militar de Marín

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada "Organización e funcións do ISSGA"

### Universidade de Vigo

Centro ISSGA. Pontevedra

- Curso Básico de Prevención de Riscos Laborais
- Xornada "Prevención de riscos laborais. Funcións das Administracións Públicas competentes"

## Universidade de Passau (Alemania)

Centro ISSGA. Pontevedra

- Curso de verán en Marín-Pontevedra: "Prevención de riscos laborais en Galicia"

## Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo

ISSGA Santiago

- Xornadas sobre Prevención do Acoso Laboral

## Escola Universitaria de Relacións Laborais de Ferrol

ISSGA Santiago

- Xornadas sobre Acoso Moral no Traballo

## CCOO

ISSGA Santiago

- Xornadas "Amianto: da saúde laboral á saúde pública" e "Drogodependencias: da saúde pública á saúde laboral"

## UGT – Galicia

ISSGA Santiago

- Xornadas de riscos psicosociais "Protocolo sobre acoso laboral: procedemento de solución autónoma de conflitos de violencia laboral". (Santiago e Vigo)
- Xornada "Amianto"

## CEG (Confederación de empresarios de Galicia)

- Xornada "Ferramenta Premotiva: Prevención de Riscos Psicosociais e Ergonómicos"

## CEC (Confederación de Empresarios da Coruña)

ISSGA Santiago

- Xornada “Novidades lexislativas e técnicas”

## CEL (Confederación de Empresarios de Lugo)

ISSGA Santiago

- Xornada “Reforma do regulamento dos servizos de prevención: o seu impacto nas empresas”

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada “A prevención de riscos laborais. A hixiene industrial”.
- Xornada “Seguridade en equipos de traballo”

## CEO (Confederación de Empresarios de Ourense)

Centro ISSGA. Ourense

- Seminario de Prevención de Riscos Laborais. Novidades Lexislativas e Técnicas. Presentación de Prevención10.es
- Xornada informativa “Novidades e reflexións sobre a prevención de riscos laborais”
- Xornada Técnica sobre a Integración da Prevención no Sistema Xeral de Xestión da Empresa
- Mesas de debate: “Marco actual e evolución das enfermidades profesionais” e “A formación en prevención de riscos laborais”
- Talleres de prevención: obradoiros de emprego, centros de formación ocupacional e IES

## CEP (Confederación de Empresarios de Pontevedra)

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada “Día Internacional da Seguridade e Saúde no Traballo”

## Fremap

Centro ISSGA. A Coruña

- Equipos de protección individual para axentes físicos, químicos y biolóxicos

Centro ISSGA. Lugo

- Xornada “ Sinalización nos lugares de traballo”
- Xornada “Redución de cotizacións por diminución e prevención da sinistralidade laboral”
- Xornada “Código técnico de edificación. Implicacións nas condicións de seguridade”

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada técnica “Auditoría técnica de seguridade en instalacións eléctricas industriais (baixa tensión)”
- Xornada técnica “Protección por cese de actividade do traballador autónomo”
- Xornada técnica “Equipos de presión. Condicións de seguridade e novo marco normativo”

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada técnica “Equipos a presión”
- Xornada técnica “Real decreto 404/2010” (2)
- Xornada técnica “Auditoría interna: xestión de riscos laborais”
- Xornada técnica “Seguridade eléctrica en mantemento”
- Xornada técnica “Avaliación axentes químicos sen medición”
- Xornada técnica “Enfermidades profesionais: marco normativo e prevención”
- Xornada técnica “Maternidade e condicións ergonómicas dos postos de traballo”

## Corporación Mutua

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada técnica “Real decreto 404/2010”

## FORMEGA (Fundación Galega do Metal)

Centro ISSGA. A Coruña

- Xornada "Riscos na soldadura inoxidable"

Centro ISSGA. Lugo

- Xornada "A integración da prevención de riscos laborais na empresa"

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada "A implantación das OHSAS nas empresas"

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada "Prevención de riscos laborais. Os TMEs"

Fundación Laboral da Construción

ISSGA Santiago

- "A ruta da túa seguridade"

ACO (Asociación de Construtores de Ourense)

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada técnica "Riscos na construción". Verín, O Barco, Carballiño, Ourense.

APROSAL (Asociación de Profesionais de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia)

Centro ISSGA. Pontevedra

- Varandas UNE-EN 13374

Asociación Española de Enfermería do Traballo e Saúde Laboral

Centro ISSGA. Ourense

- VI Xornadas estatais da asociación de especialistas en enfermería do traballo. Enfermería do traballo. Xestionamos a saúde.

Asociación Impulsora do Plan Ferrol (AIPF)

ISSGA Santiago

- Cursos básicos de prevención de riscos laborais para persoas en situación de desemprego (CIS Ferrol)

## Xuíces para a Democracia

ISSGA Santiago

- Xornada "Instrumentos xurídicos de loita contra a sinistralidade laboral"

## Confraría de Pescadores de Arcade

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada "Prevención de riscos laborais na pesca"

## Forum de Gabinetes técnicos de PRL das organizacións empresariais

- Xornada de presentación da ferramenta da CEG "Integra prevención"

## Porto de Vigo

Centro ISSGA. Pontevedra

- Curso de prevención de riscos no sector pesqueiro

## Grupo de empresas do sector da lousa de Valdeorras

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada de responsabilidade en materia de prevención para encargados do sector da lousa.

## Empresas do sector das instalacións eléctricas da provincia de Ourense

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada técnica "Seguridade e primeiros auxilios para empresas do sector das instalacións eléctricas".

## FENOSA

Centro ISSGA. Aula risco eléctrico Pontevedra

- Xornada de prevención
- FENOSA-COBRA: Curso "Operación local subestacións-Pontevedra"
- FENOSA-ELECNOR: Curso "Prevención do risco eléctrico"

FINSA

ISSGA Santiago

- V Xornada Anual  de Prevención FINSA

UNINAVE

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada divulgativa ”Presentación material espazos confinados. Sector naval”

Navalia- Foro de Prevención do Naval

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada técnica “O ruído na industria naval”

Revista *Riesgo Laboral* e Fundación Caixa Galicia

ISSGA Santiago

- Xornadas técnicas “EPI e xestión preventiva”

### 3.6.3. Foros doutras entidades

Durante o 2010 mantivéronse reunións de traballo con entidades sectoriais relevantes coas que desenvolver accións conxuntas. Entre elas, pódense destacar:

- Foro Galego do Metal. Neste foro está presente o ISSGA con representantes da Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia (Asime) e as centrais sindicais: Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UGT Galicia), Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia (CCOO de Galicia) e Confederación Intersindical Galega (CIG).
- Mesa Técnica de Formación no Metal, técnicos de formación do ISSGA con técnicos de Asime, as empresas do sector do metal e as centrais sindicais.
- Mesa do Naval. O ISSGA forma parte xunto con outros representantes da Consellería de Traballo e Benestar, a Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS), as empresas

do clúster do Naval, Asime e as centrais sindicais: UGT Galicia, CCOO de Galicia e CIG.

- Mesa da Pedra. O ISSGA forma parte xunto con outros representantes da Consellería de Traballo e Benestar, a ITSS, a Asociación de Graniteiros de Galicia (AGG), unha empresa do sector e as centrais sindicais: UGT Galicia, CCOO de Galicia e CIG.

- Mesa da Construción. O ISSGA forma parte da Comisión Paritaria xunto con outros representantes da Consellería de Traballo e Benestar, a ITSS, a Fundación Laboral da Construción, APEC e as centrais sindicais: UGT Galicia, CCOO de Galicia e CIG. Por outra parte a Mesa Técnica da Construción está formada por representantes do ISSGA, da Fundación Laboral da Construción, APEC e as centrais sindicais: UGT Galicia, CCOO de Galicia e CIG.

- Comités provinciais de Seguridade e Saúde Laboral, están constituídos con cada provincia pola xefatura do centro provincial do ISSGA e representantes do Departamento Territorial de Traballo e Benestar, da ITSS, das confederacións provinciais de empresarios e as centrais sindicais máis representativas.

# 4. Relacións con outros organismos

## 4.1. Convenios

- Acordo marco de cooperación entre o ISSGA e Gas Natural Fenosa en materia de formación en risco eléctrico. Data da firma: 27 de abril de 2010.
- Acordo marco de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, o ISSGA e as organizacións Xóvenes Agricultores, Unións Agrarias-UPA e o Sindicato Galego-Comisións Labregas, en materia de prevención de riscos laborais no agro galego. Data da firma: 11 de xuño de 2010.
- Acordo de colaboración interadministrativo entre a Consellería de Economía e Industria e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral da Xunta de Galicia para a realización dun estudo hixiénico e médico-epidemiolóxico nas canteiras da lousa na provincia de Lugo. Data da firma: 13 de xullo de 2010.
- Convenio de colaboración entre a EGAP e o ISSGA para o desenvolvemento de actividades de información, formación e divulgación en materia de prevención de riscos laborais. Data da firma: 15 de xullo de 2010.
- Acordo marco de colaboración entre a Consellería do Mar, o ISSGA, a Federación Galega de Confrarías de Pescadores e as federacións provinciais de Confrarías de Pescadores de A Coruña, Lugo e Pontevedra, en materia de prevención de riscos laborais no sector da pesca de baixura en Galicia. Data da firma: 26 de xullo de 2010.
- Convenio de colaboración entre o ISSGA e a Fundación Laboral da Construción (FLC) para o recoñecemento da formación preventiva impartida polo ISSGA a efectos da obtención da Tarxeta profesional da construción (TPC). Data da firma: 24 de agosto de 2010.

# 4.2. Coordinación con outros organismos da Administración

## Xunta de Galicia

- Dirección Xeral de Relacións Laborais. Consellería de Traballo e Benestar

  - Comisión de Goberno do ISSGA

  - Protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia, para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias

- Dirección Xeral de Emerxencias e Interior. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

  - Rede de comunicación dos accidentes laborais (112).

  - Xestión de emerxencias en parques empresariais.

- Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública. Consellería de Sanidade

  - Comisión de Goberno do ISSGA.

  - Desenvolvemento dunha unidade docente de Medicina do Traballo.

  - Reunións técnicas para a colaboración en investigación de enfermidades profesionais e vixilancia da saúde, incluída a posto-cupacional, dos traballadores expostos a risco por amianto.

- Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas. Consellería de Economía e Industria

  - Comisión de Goberno do ISSGA

  - Estudo epidemiolóxico en canteiras

- Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. Cetmar. Consellería do Mar

  - Grupo de traballo para a elaboración de material audiovisual sobre o sector pesqueiro.

  - Proxecto Saúde, coordinado por Cetmar e coa participación de LEITAT, Agamar e Instituto de Biomecánica de Valencia.

  - Proxecto Traxe. Colaboración con: Cetmar, Dirección Xeral da Mariña Mercante, COAPRE-ARVI, Mar Seguro de Galicia.

  - Proxecto Grundtvig-FEP (Fondo europeo especial da pesca). Proxecto transnacional con socios franceses e italianos.

- Escola Galega de Administración Pública. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

  - Colaboración na realización de cursos de formación.

## Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS)

- Plan de actuación en obras singulares e grandes obras

- Protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia, para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias.

- Plan Vixía

- Programa Segumar

## Outros institutos de seguridade e saúde laboral

- Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT)

  - Presenza no Comité Técnico Mixto INSHT-CCAA

  - Presenza na Rede de Institutos de Seguridade e Saúde Laboral

  - Asistencia e participación en xornadas

- Prevención 10- Evalúate. Elaboración de formularios específicos para os sectores de actividade de destilación, rectificación e mestura de bebidas alcohólicas e fabricación de queixos.

- Colaboración na elaboración de normativa e guías técnicas

- Instituto Vasco de Seguridade e Saúde Laborais (OSALAN), Instituto Cántabro de Seguridade e Saúde no Traballo (ICASST) e Instituto Asturiano de Prevención de Riscos Laborais (IAPRL)

  - Xornadas de colaboración en prevención de riscos laborais no sector pesqueiro

  Constitución do grupo de traballo dos catro institutos no sector da pesca.

  Estudo para a elaboración de guías técnicas de vixilancia da saúde e ergonomía na pesca.

  - Curso de pesca para técnicos do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT), OSALAN, Instituto Cántabro de Seguridade e Saúde no Traballo (ICASST), Instituto Asturiano de Prevención de Riscos Laborais (IAPRL) e do ISSGA.

- Instituto Asturiano de Prevención de Riscos Laborais (IAPRL)

  - Mapa de risco químico

## Outros organismos

- Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS)

  - Equipos de valoración de incapacidade (EVI)

  - Determinación de coeficientes redutores

- Axencia Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo

  - Rede Europea e Rede Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo

- Fundación para a prevención de riscos laborais

  - Colaboración no ámbito da formación

# 5. Actuación técnica

## 5.1. Tarefas de investigación e asistencia técnica (Art. 3 parágrafo 2b Lei 14/2007)

Lévanse a cabo co obxecto de determinar as causas de accidentes, para evitar a súa recorrencia e mesmo como base técnica para asignar responsabilidades.

### 5.1.1. Investigación de accidentes leves, graves e mortais (Lei 14/2007 funcións ISSGA artigo 4a, 4f)

Investíganse todos os accidentes mortais e unha maioría dos graves, limitándose nos casos leves aos requirimentos da Inspección de Traballo e Seguridade Social ou dos xulgados. En casos particulares, realízase en coordinación coa Inspección de Traballo, e en calquera caso, remítese sistematicamente a esta o informe correspondente. No caso de que, por calquera causa, non sexa posible a emisión de informe, xérase unha nota interna que o xustifique.

| Investigacións de accidentes | Mortais | Graves | Leves | Totais |
|---|---|---|---|---|
| Pesca | 7 | 28 | 10 | **45** |
| Construción | 15 | 155 | 27 | **197** |
| Industria | 10 | 181 | 36 | **227** |
| Servizos | 4 | 78 | 28 | **110** |
| Agricultura | 1 | 58 | 3 | **62** |
| **Totais** | **37** | **500** | **104** | **641** |




## 5.1.2. Investigación de accidentes consonte ao Convenio coa Fiscalía (Plan Estratéxico, obxectivo 8 acción 3)

En virtude do protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia, para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores e das traballadoras, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias, e consonte coa Resolución do 28 de xuño de 2007 da Consellería de Traballo e Benestar, establecéronse quendas de gardas, e un protocolo para o efectivo exercicio das funcións enumeradas no punto 4 do acordo reflectido pola devandita resolución.

| Investigación de accidentes consonte ao convenio coa Fiscalía | Mortais | Graves | Leves | Totais |
|---|---|---|---|---|
| Pesca | 4 | 0 | 0 | 4 |
| Construción | 10 | 15 | 2 | 27 |
| Industria | 10 | 6 | 2 | 18 |
| Servizos | 3 | 5 | 1 | 9 |
| Agroforestal | 3 | 0 | 0 | 3 |
| **Totais** | **30** | **26** | **5** | 61 |

## 5.1.3. Investigación de enfermidades profesionais

O cadro de enfermidades profesionais no sistema da seguridade social publicouse no RD 1299/2006 do 10 de novembro (BOE 19/11/2006). Como base para a súa prevención realízanse informes das enfermidades profesionais mortais e graves, e as leves con algunha significación singular, e remítense os informes correspondentes á ITSS.

| Investigacións enfermidades profesionais | Grupo de enfermidade profesional | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | Totais |
| Pesca | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | **1** |
| Construción | 8 | 14 | 1 | 17 | 2 | 0 | **42** |
| Industria | 8 | 33 | 4 | 41 | 8 | 0 | **94** |
| Servizos | 9 | 49 | 10 | 7 | 14 | 2 | **91** |
| Agricultura | 0 | 2 | 0 | 1 | 1 | 0 | **4** |
| **Totais** | **25** | **98** | **15** | **66** | **26** | **2** | **232** |
| Nº Visitas | 20 | 47 | 12 | 38 | 27 | 2 | 146 |
| Informes | 19 | 35 | 5 | 29 | 17 | 1 | 106 |

Nota aclaratoria:

- Grupo 1: enfermidades profesionais causadas por axentes químicos
- Grupo 2: enfermidades profesionais causadas por axentes físicos
- Grupo 3: enfermidades profesionais causadas por axentes biolóxicos
- Grupo 4: enfermidades profesionais causadas por inhalación de sustancias e axentes non comprendidas noutros apartados
- Grupo 5: enfermidades profesionais da pel causadas por sustancias e axentes non comprendidos nalgúns dos outros apartados
- Grupo 6: enfermidades profesionais causadas por axentes carcinoxénicos




## 5.1.4. Actuacións dos técnicos habilitados

Ao abeiro do Decreto 138/2007, do 5 de xullo, polo que se regula a habilitación do persoal técnico para o exercicio de actuacións comprobatorias das condicións de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo, da Lei 14/2007 de creación do ISSGA e da Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais, aos técnicos habilitados correspóndelles a facultade de realizar funcións de asesoramento, información e comprobación das condicións materiais e técnicas de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo coa capacidade de requirimento de emenda das deficiencias observadas, requirimento cuxo incumprimento pode dar lugar á práctica de acta de infracción pola Inspección de Traballo e Seguridade Social.

| Actuacións dos técnicos habilitados | Nº actuacións |
|---|---|
| Construción | 191 |
| Hixiene | 201 |
| Industria | 182 |
| Medicina | 15 |
| Pesca | 155 |
| **Totais** | **744** |

## 5.1.5. Asistencias técnicas a requirimento de organismos, empresas e traballadores (inclúense as asistencias prestadas aos tribunais de xustiza en función do artigo 4f da Lei 14/2007)

A análise das condicións de traballo é un importante labor técnico do ISSGA, que se realiza por requirimento de xulgados e tribunais, Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS), outras administracións públicas e empresas, persoal traballador e as súas organizacións representativas.

| Asistencia técnica a requirimento | Seguridade | Hixiene | Medicina | Totais |
|---|---|---|---|---|
| De empresas ou asociacións empresariais | 15 | 163 | 4 | 182 |
| De traballadores ou sindicatos | 21 | 5 | 21 | 47 |
| De administracións | 435 | 960 | 3 | 1398 |
| Da ITSS | 64 | 108 | 31 | 203 |
| Outras | 77 | 2 | 3 | 82 |
| Accións conxuntas coa ITSS | 400 | 8 | 1 | 409 |
| Actuacións nos xulgados | 97 | 4 | 9 | 110 |
| **Totais** | **1109** | **1250** | **72** | **2431** |




# 5.2. Programa de traballos desenvolvidos para a autoridade laboral

As decisións da autoridade laboral deben ter en conta aspectos técnicos. Neste eido, o ISSGA préstalle o seu apoio, e mesmo ten asumida, para obter unha maior dilixencia e efectividade, a xestión de determinados procedementos administrativos.

- Amianto

Rexistro de empresas con risco de amianto (RERA), autorización, control e seguimento de plans de traballo, desenvolvendo todo o traballo técnico e administrativo ata a resolución do expediente.

O ISSGA ten encomendadas estas funcións na Orde do 2 de decembro do 2008.

| Amianto | |
|---|---|
| Plans aprobados | 279 |
| Traballos notificados | 801 |
| Altas empresas RERA | 59 |
| Baixas empresas RERA | 0 |

- ## Exención de auditoría

As empresas que cumpren os requisitos do artigo 29 do RD 39/1997, Regulamento dos servizos de prevención, poden presentar ante a autoridade laboral a notificación sobre concorrencia de condicións que non fan necesario recorrer á auditoría do sistema de prevención da empresa.

O acordo do 16 de febreiro de 2009 entre a Consellería de Traballo e Benestar e o ISSGA, encomendaba a este o desenvolvemento material das actividades relacionadas coa tramitación de expedientes e rexistro de datos relativos a exención de auditorías. Por acordo do 30 de marzo de 2010 resolveuse esta encomenda de xestión.

- ## Informes técnicos

Para que a autoridade laboral fundamente as súas resolucións de autorización ou acreditación de entidades nos seguintes casos:

| Informes técnicos emitidos | |
|---|---|
| Informes sobre entidades formativas | 23 |
| Informes sobre servizos de prevención | 20 |
| Informes sobre entidades auditoras | 1 |

# 5.3. Asesoramento (art. 3 parágrafo 2c Lei 14/2007)

As accións de asesoramento sobre aspectos técnicos e organizativos, que desenvolve o ISSGA como parte das súas funcións, son fundamentais para mellorar a eficacia das actividades preventivas.

## 5.3.1. En colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social

- Seguimento de grandes obras de construción

Co seguinte esquema territorial.

| Provincia | Obra |
|---|---|
| A Coruña | Autovía Carballo-Fisterra<br>Obras do AVE<br>Cidade da Cultura. Santiago de Compostela<br>Porto Exterior. A Coruña<br>Porto de Ferrol<br>Centro comercial Marineda. A Coruña<br>Terceira ronda. A Coruña |
| Lugo | Autovía do Cantábrico -A8 (9 treitos)<br>Nova ponte sobre o Miño en Lugo<br>Autovía  Lugo-Santiago, A54 (4 treitos)<br>Autovía Lugo-Ourense, A 56 (2 treitos)<br>Corredor Sarria-Monforte |
| Ourense | Obras do AVE- Corredor Norte-Noroeste de alta velocidade (2 treitos)<br>Autoestrada Verín - Fronteira Portuguesa (2 treitos)<br>Autoestrada Rante-Celanova, A52 |
| Pontevedra | Obras do AVE (5 tramos)<br>Eixo Atlántico (11 tramos)<br>Vía alta capacidade Tui - A Garda (2 tramos)<br>Auditorio de Vigo<br>Variante de Marín<br>Enlace de Curro |




| Plan de actuacións en grandes obras | Técnicos do ISSGA coa ITSS | Técnicos do ISSGA | Totais |
|---|---|---|---|
| Visitas | 190 | 40 | **230** |
| Actuacións | 372 | 164 | **536** |
| Requirimentos | 48 | 0 | **48** |
| Xuntanzas | 79 | 8 | **87** |
| Investigación de accidentes | 5 | 8 | **13** |
| Nº de empresas | 627 | 347 | **974** |

- Plan Sectorial de Pesca

**Plan Vixía**

Ten por obxecto implantar unha conciencia preventiva no sector pesqueiro, mellorando os hábitos de traballo e favorecendo unha utilización segura dos materiais e equipos de traballo, e velar polo cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais neste sector.

Desenvólvese mediante visitas ás embarcacións realizadas por equipos especializados constituídos por un inspector/a de traballo e seguridade social e por un técnico/a do ISSGA, facendo fincapé basicamente nos buques afectados polo Real decreto 1216/1997 (máis de 15 m de eslora).

**Programa Segumar**

Este programa é froito dun acordo entre o Ministerio de Fomento, o antigo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (hoxe Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño) e o Ministerio de Traballo e Inmigración para dotar de maior seguridade ao sector pesqueiro, en buques de menos de 24 metros de eslora.

As visitas realízanse por técnicos de Fomento, o Instituto Social da Mariña, inspectores de traballo e seguridade social, e técnicos do ISSGA.

## 5.3.2. Accións propias do ISSGA: plans sectoriais (incluído P.E. Obx. 6 Acc. 2)

As actividades planificadas, fundamentalmente de carácter sectorial, que inciden en determinados aspectos concretos da prevención de riscos laborais, contribúen tanto á redución da sinistralidade e das enfermidades profesionais, como a desenvolver unha cultura preventiva nos sectores produtivos onde é máis necesaria.

A cuantificación das accións segundo plans ou programas foi a seguinte:

| Plan / Programa | Total actuacións |
|---|---|
| Plan de actuación de obras singulares | 293 |
| Plan de actuación de empresas singulares | 24 |
| Plan sectorial agrícola-gandeiro | 151 |
| Acción traballadores autónomos | 160 |
| Plans sectoriais de loita contra a sinistralidade | 488 |
| Plan sectorial de pesca (Vixía e Segumar) | 90 |
| Plans específicos hixiene | 155 |
| Plans específicos ergonomía | 30 |
| Visitas a iniciativa | 382 |
| Outras accións programadas | 718 |

- ### Outras actuacións técnicas

A información, como base para a toma de decisións, é fundamental para unha prevención eficaz. O ISSGA asumiu a análise estatística da sinistralidade e a súa difusión, e cerrou o círculo iniciado no tratamento dos partes de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

| Outras actuacións técnicas | Total actuacións |
|---|---|
| Equipo de Valoración de Incapacidades (EVI), expedientes | 320 |
| Consultas escritas | 410 |
| Consultas verbais | 2391 |
| Reunións de traballo | 528 |
| Impartición de cursos, relatorios | 161 |
| Asistencia a xornadas, cursos, etc. | 479 |
| Estudos singulares elaborados | 21 |
| Plans e estudos de seguridade na Construción | 7524 |
| Avisos previos ate a entrada en vigor RD 337/2010 | 1733 |
| Libro de incidencias | 119 |
| Tratamento estatístico de partes de AT e EP | 69576 |
| Secretaría dos Comités Provinciais de Seguridade e Saúde Laboral | 19 |

AT: accidente de traballo/ EP: enfermidade profesional

Nos equipos de valoración de incapacidades (EVI) do Instituto Nacional da Seguridade Social-INSS un técnico do ISSGA actúa como experto en seguridade e saúde laboral.

## Accións formativas

Dirixidas a traballadores, empresarios, técnicos, etc.
(incluído no plan estratéxico, obxectivo 8 acción 1)

| | Nº accións | Nº alumnos |
|---|---|---|
| Cursos básicos de prevención de riscos laborais- 35 horas | 13 | 466 |
| Cursos básicos de prevención de riscos laborais en liña-60 horas | 3 | 360 |
| Cursos de especialidades | 2 | 52 |
| Cursos de formación interna | 6 | 85 |
| Xornadas propias do ISSGA | 30 | 2259 |
| Xornadas en colaboración con outras entidades | 69 | 3662 |

Un dos cursos básicos de prevención de riscos laborais (PRL) de 35 horas estivo dirixido especificamente á comunidade de persoas xordas e realizouse en colaboración coa Asociación Coruñesa de Promoción do Xordo (ACOPROS).

## A oferta formativa 2010

A oferta formativa do ISSGA dáse a coñecer fundamentalmente a través da páxina web e a distribución de dípticos coa oferta formativa anual.




Tamén se pode consultar nos centros que o ISSGA ten nas catro provincias e onde se desenvolve a maioría da actividade formativa presencial ofertada.

As accións formativas de diferente tipo desenvolvidas no 2010 foron as seguintes:

### 5.4.1. Cursos

- Curso de prevención de riscos laborais. Nivel básico 35 h.
- Curso de PRL en liña. Nivel básico 60 h.
- Cursos de especialidades:
  - Curso de amianto para técnicos das administracións
  - Curso de prevención de riscos no sector pesqueiro

### 5.4.2. Xornadas técnicas

#### Centro ISSGA. A Coruña

- As situacións de exposición laboral á calor
- Equipos de protección individual
- As avaliacións cualitativas. Novo enfoque da prevención ás exposicións por axentes químicos
- Drogas e alcohol no traballo
- Toxicoloxía laboral: Marcadores biolóxicos como indicadores de exposición e efecto. Novos retos: as nanopartículas
- Presentación para a adaptación para España do método MAPO para a manipulación de pacientes en hospitais
- O amianto instalado nos edificios: xestión do risco
- Normativa de construción e a súa aplicación
- O tráfico como risco laboral

#### Centro ISSGA. Lugo

- Coordinación de actividades empresariais na industria. Caso práctico
- Riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos en EDAR (estacións depuradoras de augas residuais). A súa avaliación e control

- Equipos auxiliares de carga e elevación en obras de construción
- Prevención de riscos laborais nos sectores agropecuario e forestal
- Acoso psicolóxico no traballo (MOBBING)
- Nova normativa sobre clasificación, envasado e etiquetado de substancias químicas. Regulamento CE/1272-08
- Prevención de riscos laborais en ATEX

### Centro ISSGA. Ourense

- Requisitos derivados da avaliación e a planificación, o emprego e a comercialización de equipos de traballo e de máquinas. O RD 1644/2008
- Integración da PRL no sistema xeral de xestión das empresas
- PRL, organización empresarial, estilos de mando
- Estratexias de motivación de persoal en PRL
- Nova normativa sobre clasificación, envasado e etiquetado de substancias químicas. Regulamento CE/1272-08
- Requisitos derivados da avaliación e a planificación, o emprego e a comercialización de EPI.

### Centro ISSGA. Pontevedra

- Plataformas elevadoras. Riscos e medidas preventivas
- Dermatoses profesionais para médicos do traballo
- Integración da prevención
- Drogodependencias no ámbito da saúde laboral
- Implantación de OHSAS 18001 en pemes
- Prevención da silicose na mecanización de aglomerados de cuarzo
- O tráfico como risco laboral
- Prevención de riscos no sector pesqueiro

# Hixiene analítica



No ano 2010 os traballos realizados no laboratorio de hixiene analítica, que está no centro do ISSGA de Pontevedra, encamiñáronse principalmente ás seguintes cuestións:

1- Preparar o laboratorio con vistas á súa acreditación nos seguintes procedementos:

- Consonte á norma UNE-EN ISO/IEC17025

- Determinación de materia particulada en filtros de PVC.
- Determinación de vapores orgánicos en tubos de carbón activo por cromatografía de gases.
- Determinación de metais en filtros de ésteres de celulosa por espectrofotometría de absorción atómica.

- Consonte ao Real decreto 396/2006

- Acreditación no reconto de febras de amianto e outras febras en aire por microscopía óptica de contraste de fases.

Durante este ano, elaborouse unha parte importante da documentación necesaria para levar a cabo o sistema de xestión de calidade do laboratorio de hixiene. Na parte técnica realizouse a calibración dos equipos e comezouse co proceso de validación das técnicas analíticas que se van acreditar.

2- Participación en Programas interlaboratorios de control de calidade (PICC) do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo:

- PICC-Met.: determinación de metais (Cd, Cr, Ni e Pb) en filtros de membrana por espectrofotometría de absorción atómica
- PICC-VO: determinación de vapores orgánicos (benceno, tricloroetileno, tolueno e m-xileno) en tubos de carbón activo por cromatografía de gases
- PICC-Gr.: determinación de materia particulada en filtros por técnicas de gravimetría
- PICC-FA: reconto de febras en filtros por microscopía óptica con contraste de fases
- PICC-Pbs: determinación de chumbo en sangue por espectrofotometría de absorción atómica-forno de grafito
- PICC-MetU: determinación de metais (Cr e Hg) en urina por espectrofotometría de absorción atómica-vapor frío
- Participación no ensaio de comparación de interlaboratorios del método MTA/MA-062/A08. Determinación de formaldehído en aire mediante captación en tubos de xel de sílice

3- Posta a punto das técnicas que se describen a continuación:

- Metais en filtros e fluídos biolóxicos por Espectrofotometría de Absorción Atómica (EAA)
- Determinación de formaldehido en aire por cromatografía líquida de alta resolución (HPLC)

4- Formación do persoal do laboratorio

- Mellora da calidade en laboratorios
- Introdución a técnicas cromatográficas
- Identificación de febras de amianto en materiais (método MOPD)
- Validación de ensaios físico-químicos

- Protección de datos

5- As análises levadas a cabo polo laboratorio de hixiene analítica resúmense nas táboas que figuran a continuación:

- Na táboa I faise un resumo por técnicas analíticas.
- No resto das táboas, da II á VII, especifícanse as análises anteriores segundo o tipo de mostra que se analizou.

TABOA I. Determinacións de mostras hixiénicas, segundo técnicas analíticas

| Técnica analítica | Nº determinacións |
|---|---|
| Espectrofotometría de absorción atómica | 887 |
| Cromatografía de gases | 572 |
| Gravimetría | 137 |
| Microscopía | 67 |
| HPLC | 87 |
| Totais | 1750 |

TABOA II. Determinacións de metais en filtros de membrana correspondentes ó PICC-Met. e a mostras de procedencia externa

| Metal | Nº mostras | Nº análises | Nº determinacións |
|---|---|---|---|
| PICC-Met | 31 | 114 | 180 |
| Procedencia externa | 3 | 4 | 8 |
| Procedencia interna | 103 | 198 | 198 |
| Totais | 137 | 316 | 386 |

TÁBOA III. Determinacións de metais en mostras biolóxicas correspondentes ó PICC-MetU e ó PICC-Pbs ou a mostras de procedencia interna, do laboratorio de medicina do propio centro, e a mostras de procedencia externa, biopsias hepáticas procedentes de anatomía patolóxica de hospitais

| Procedencia | Nº mostras | Nº análises | Nº determinacións |
|---|---|---|---|
| PICC-MetU | 22 | 34 | 42 |
| PICC-Pbs | 30 | 34 | 260 |
| Procedencia interna | 3 | 13 | 73 |
| Procedencia externa | 11 | 36 | 126 |
| Totais | 66 | 117 | 501 |

TABOA IV. Determinacións de vapores orgánicos en mostras tubos de carbón activo correspondentes ao PICC-VO e mostras de procedencia interna

| Tubo de carbón activo | Nº mostras | Nº análises | Nº determinacións |
|---|---|---|---|
| PICC-VO | 24 | 37 | 264 |
| Procedencia interna | 11 | 77 | 308 |
| Totais | 35 | 114 | 572 |

TABOA V. Determinacións de materia particulada en filtros correspondentes ao PICC-Gr e a mostras de procedencia interna

| Filtros | Nº mostras | Nº análises | Nº determinacións |
|---|---|---|---|
| PICC-Gr | 59 | 59 | 118 |
| Procedencia interna | 19 | 19 | 19 |
| Totais | 78 | 78 | 137 |

TABOA VI. Reconto de febras de amianto en filtros correspondentes ao PICC-FA

| Filtros | Nº mostras | Nº análises | Nº determinacións |
|---|---|---|---|
| PICC-FA | 26 | 36 | 67 |

TABOA VII. Determinación de formaldehido en aire por cromatografía líquida de alta resolución (HPLC), para a participación na comparación interlaboratorios seguindo o método MTA/MA-062/A08 do INSHT

| Tubos de sílica xel con DNPH | Nº mostras | Nº análises | Nº determinacións |
|---|---|---|---|
| Intercomparación formaldehído | 12 | 24 | 87 |

# Medicina do traballo

Os catro centros provinciais do ISSGA realizan recoñecementos médicos en patoloxías concretas para poder facer estudos epidemiolóxicos; asemade, fan recoñecementos médicos e análises correspondentes a actividades programadas, ou a demanda, fundamentalmente a traballadores autónomos e traballadoras autónomas, correspondentes á vixilancia da súa saúde.

Estes recoñecementos corresponden principalmente a:

- Estudos epidemiolóxicos realizados para facer aflorar enfermidades profesionais no marco do plan de actividades do Issga
- Solicitudes dos equipos de valoración de incapacidades a efectos de emitir informes de investigación de enfermidades profesionais
- Solicitude de empresas e traballadores para recoñecementos médicos específicos no marco do plan de actividades.
- Solicitude da Inspección de Traballo e Seguridade Social en relación á valoración da vixilancia de saúde nas actuacións que se requira.

Así mesmo, realizan investigacións de enfermidades profesionais e avaliacións ergonómicas de postos de traballo.

| | |
|---|---|
| Recoñecementos médicos | 2306 |
| Análises | 4032 |
| Número de determinacións | 105958 |

## Probas complementarias

| | |
|---|---|
| Probas auditivas | 2382 |
| Probas respiratorias | 2152 |
| Probas visuais | 7879 |
| Probas cardíacas | 1904 |
| Probas radiolóxicas | 164 |
| Probas cutáneas | 55 |
| Outras probas | 605 |
| **Totais** | **15141** |




| | | |
|---|---|---|
| P. Hematolóxico | Nº probas x Nº traballadores | 48246 |
| P. Bioquímico | Nº probas x Nº traballadores | 35480 |
| Probas ouriños | Nº probas x Nº traballadores | 23256 |
| Perfil serolóxico | Nº probas x Nº traballadores | 1465 |
| Outras | Nº probas x Nº traballadores | 344 |
| **Totais** | **Nº probas x Nº traballadores** | **108791** |

# 6. Directorio

| | |
|---|---|
| **ISSGA - Dirección**<br><br>Casa da Parra<br>Praza da Quintana de Vivos, s/n<br>15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA<br>Tlf.: 981 957 018<br>Fax: 881 999 433<br>E-mail:issga@xunta.es |  |
| **Centro ISSGA A Coruña**<br><br>Rúa Doutor Camilo Veiras 8<br>15006 A Coruña<br>Tlf.: 981 182 329<br>Fax: 981 182 332<br>E-mail: issga.coruna@xunta.es | <br> |

| | |
|---|---|
| **Centro ISSGA Lugo**<br><br>Ronda de Fingoi, 170<br>27071 Lugo<br>Tlf.: 982 294 300 Fax: 982 294 336<br>E-mail: issga.lugo@xunta.es |  |
| **Centro ISSGA Ourense**<br><br>Rúa de Villaamil e Castro, s/n<br>32872 Ourense<br>Tlf.: 988 386 395 Fax: 988 386 222<br>E-mail: issga.ourense@xunta.es |  |
| **Centro ISSGA Pontevedra**<br><br>Camiño Coto do Coello, nº 2<br>36812 Rande - Redondela<br>Pontevedra<br>Tlf.: 886 218 100 Fax: 886 218 102<br>E-mail: issga.pontevedra@xunta.es |  |

# 7. Anexos

## *Orde do 30 de marzo de 2010* (DOG 22/04/2010)

*Orde do 30 de marzo de 2010 pola que se lle dá publicidade ao acordo polo que se resolve a encomenda de xestión ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral do desenvolvemento material das actividades relacionadas coa tramitación de expedientes e o rexistro de datos relativos a exencións de auditorías en aplicación do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.*

Para os efectos previstos no artigo 15.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, acórdase dar publicidade ao acordo entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral polo que se resolve a encomenda de xestión ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral do desenvolvemento material das actividades relacionadas coa tramitación de expedientes e rexistro de datos relativos a exencións de auditorías en aplicación do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, e que se recolle no anexo a esta orde.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2010

Beatriz Mato Otero

Conselleira de Traballo e Benestar

ANEXO

Acordo polo que se resolve a encomenda de xestión ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral do desenvolvemento material das actividades relacionadas coa tramitación de expedientes e o rexistro de datos relativos a exencións de auditorías en aplicación do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2010.

Dunha parte, Beatriz Mato Otero, conselleira de Traballo e Benestar, en nome e representación da

consellería en virtude do Decreto 81/2009, do 19 de abril, do seu nomeamento, e intervindo no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

E, doutra parte Mª Adela Quinzá-Torroja García, directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), en nome e representación deste, en virtude do Decreto 361/2009, do 30 de xullo, do seu nomeamento e intervindo no exercicio das facultades que lle confire o artigo 3 do Decreto 130/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

MANIFESTAN:

O Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención no seu artigo 29, parágrafos 3º e 4º, regula as condicións das exencións de auditorías, o seu procedemento de notificacións polas empresas e a resposta da autoridade laboral.

Por acordo entre a Consellería de Traballo e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral do 16 de febreiro de 2009, publicado no DOG no 16-3-2009, encomendouse ao ISSGA o desenvolvemento material das actividades relacionadas coa tramitación de expedientes e rexistro de datos relativos á exención de auditorías.

Na cláusula terceira do citado acordo, conforme o artigo 15.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, establécese que a encomenda de xestión ao ISSGA non supón a cesión da titularidade das competencias que ten atribuídas a autoridade laboral nin dos elementos sustantivos do seu exercicio.

O procedemento de exención de auditorías estase a tramitar nos centros provinciais de seguridade e saúde laboral, dependentes do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

No momento actual considérase conveniente centralizar o procedemento de exención de auditorías no Servizo de Seguridade e Saúde Laboral da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Por todo o exposto, acordan:

Resolver a encomenda de xestión acordada no 16 de febreiro de 2009 pola que se encomendaba ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral o desenvolvemento material de diferentes actividades relacionadas coa tramitación de expedientes e o rexistro de datos en aplicación do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

E, en proba de conformidade con canto antecede, asinan este convenio na data e lugar arriba indicados.

Beatriz Mato Otero, conselleira de Traballo e Benestar. Adela Quinzá-Torroja García, directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

## *Orde do 23 de agosto de 2010* (DOG 1/9/2010)

*Orde do 23 de agosto de 2010 pola que se aproba o Regulamento orgánico de funcionamento da Comisión de Goberno do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral* (Issga).

Os artigos 7 e 8 da Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, ocúpanse da Comisión de Goberno do Issga como órgano de dirección e xestión do instituto e o segundo dos artigos, entre as funcións da comisión, sinala a de elaborar o seu propio regulamento orgánico de funcionamento.

De igual xeito, o Decreto 130/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, regula no seu artigo 4 a Comisión de Goberno como máximo órgano de dirección do instituto e establece novamente que lle corresponde á comisión elaborar o seu propio regulamento orgánico de funcionamento.

A constitución efectiva da Comisión de Goberno tivo lugar o 25 de setembro de 2008. Despois do tempo transcorrido e despois da análise en diferentes reunións da Comisión de Goberno, faise necesario aprobar as normas que rexen o seu funcionamento.

Para reforzar a transparencia no seu funcionamento recóllense as competencias do/a presidente/a da comisión e do/a secretario/a, os dereitos e deberes dos membros da comisión, o réxime de constitución e reunións, así como o de adopción de acordos, o contido das actas e a posibilidade de creación de grupos de traballo, ben que asentada en criterios de excepcionalidade.

A Comisión de Goberno, en sesión que tivo lugar o 4 de maio de 2010, e en uso das facultades establecidas nos artigos mencionados, acordou elevar á Consellería de Traballo e Benestar, para a súa aprobación, o Regulamento orgánico de funcionamento da Comisión de Goberno do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

En virtude do sinalado e por proposta da Comisión de Goberno do Issga,

DISPOÑO:

Artigo único.

Aprobar o Regulamento orgánico de funcionamento da Comisión de Goberno do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga), que se insire a continuación.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010.

Beatriz Mato Otero

Conselleira de Traballo e Benestar

Regulamento orgánico de funcionamento da Comisión

de Goberno do Instituto Galego de Seguridade

e Saúde Laboral

Artigo 1º.-A Comisión de Goberno. Natureza.

1. A Comisión de Goberno é o máximo órgano de dirección do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. Os seus membros, agás os designados por razón do seu cargo, serán nomeados por orde da persoa titular da consellería competente en materia de traballo, por proposta das consellerías e das organizacións empresariais e sindicais.

Artigo 2º.-Funcións.

As funcións da Comisión de Goberno son as establecidas no artigo 8 da Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, isto é:

a) Establecer os criterios xerais de actuación en materia de seguridade e saúde laboral na Comunidade Autónoma, en virtude das políticas, dos programas e dos plans que estableza o Consello da Xunta de Galicia.

b) Establecer as liñas xerais de actuación do Instituto e aprobar o plan anual de actividades.

c) Aprobar o anteproxecto de orzamento anual.

d) Elaborar o seu propio regulamento orgánico de funcionamento.

Artigo 3º.-Composición.

A Comisión de Goberno do instituto estará integrada polos membros establecidos no artigo 7 da Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Artigo 4º.-O/a presidente/a da Comisión.

Correspóndelle ao/á presidente/a da Comisión de Goberno:

a) Presidir as sesións, moderar e ordenar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.

b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e fixar a orde do día, tendo en conta, de ser o caso, as peticións dos demais membros formuladas con suficiente antelación.

c) Exercer a representación da Comisión.

d) Dirimir co seu voto os empates.

e) Velar polo cumprimento e a execución dos acordos adoptados.

f) Dar conta, de ser o caso, aos departamentos da Xunta de Galicia dos acordos adoptados pola Comisión.

h) Adoptar todas as decisións e as medidas que requira a organización do traballo da Comisión.

i) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente/a da Comisión.

Artigo 5º.-Membros da Comisión de Goberno.

1. Os membros da Comisión de Goberno, no exercicio das súas funcións, teñen dereito a:

a) Recibir, xunto coa convocatoria coa orde do día das reunións, a información sobre os temas que figuren nela.

b) Participar nos debates das sesións. Neste sentido calquera membro terá dereito a solicitar a transcrición íntegra da súa intervención ou proposta sempre que achegue no acto, ou no prazo que sinale o/a presidente/a, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndose copia a aquela.

c) Votar e explicar o sentido do seu voto. Así mesmo, cando un dos membros discrepe dun acordo maioritario poderá formular voto particular por escrito no prazo de corenta e oito horas, que se incorporará ao texto aprobado.

d) Solicitar, a través da secretaría, os datos e documentos que, non estando en posesión da Comisión de Goberno, sexan necesarios para o exercicio das súas funcións.

e) Proceder á rolda de intervencións libres.

2. Os membros da Comisión de Goberno teñen o deber de:

a) Asistir ás sesións, salvo en caso de forza maior ou outra causa xustificada. A ausencia será comunicada por escrito coa debida antelación ao/á presidente/a a través do/a secretario/a da Comisión.

b) Gardar reserva en relación coas actuacións da Comisión que, por decisión desta, se declaren reservadas ou a súa propia natureza así o aconselle.

3. Se un membro da Comisión estivese ausente máis de tres sesións consecutivas sen causa xustificada, o/a presidente/a poderá invitar o/a interesado/a a xustificar a súa ausencia e, en caso de non o fixese, pedir ás

organizacións de procedencia que consideren a oportunidade de propoñer a súa substitución.

4. O cargo de membro da Comisión non será retribuído, sen prexuízo da percepción das indemnizacións económicas que procedesen por asistencia.

5. Os membros da Comisión de Goberno disporán dos medios necesarios para o exercicio da súa función.

Artigo 6º.-O/a secretario/a da Comisión de Goberno.

1. Corresponderanlle ao/á secretario/a as seguintes funcións:

a) Efectuar a convocatoria das sesións por orde do/a presidente/a, así como as citacións aos seus membros.

b) Recibir os actos de comunicación dos membros coa Comisión de Goberno e, polo tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos cales aquela deba ter coñecemento.

c) Preparar as sesións, así como redactar e autorizar, co visto e prace do/a presidente/a, as súas actas.

d) Manter e custodiar o libro de actas.

e) Realizar o seguimento dos acordos da Comisión.

f) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.

g) Dar apoio administrativo á Comisión.

h) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario/a ou lle sexan expresamente delegadas.

Artigo 7º.-Constitución e reunións.

1. Para a válida constitución da Comisión de Goberno, para os efectos da realización de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza do/a presidente/a e do/a secretario/a ou, de ser o caso, daqueles/as que os substitúan, e da maioría absoluta, polo menos, dos seus membros, en primeira e en segunda convocatoria.

Non existirá substitución dos membros da Comisión agás no caso do presidente/a, que pode ser suplido/a polo membro da Comisión que designe.

O secretario/a pode ser substituído/a pola persoa designada como substituta na orde de nomeamento correspondente.

2. A Comisión reunirase en sesión ordinaria, polo menos, unha vez cada tres meses e en sesión extraordinaria ou de urxencia sempre que a convoque a Presidencia, por propia iniciativa ou por petición da maioría absoluta dos seus membros. A solicitude de convocatoria extraordinaria ou de urxencia deberá incluír o razoamento da dita solicitude, a proposta da orde do día e a relación dos solicitantes se se convoca a Comisión por este sistema.

Artigo 8º.-Convocatoria das sesións.

1. O/a presidente/a convocará, a través do/a secretario/a, a totalidade dos membros da Comisión cunha antelación mínima de 7 días hábiles no caso de sesión ordinaria e extraordinaria e corenta e oito horas no caso de convocatoria de urxencia.

2. A notificación, que se referirá á primeira e segunda convocatoria achegará a orde do día e demais documentación relativa aos asuntos nela incluídos, en soporte papel e/ou vía telemática. A segunda convocatoria preverase con, polo menos, quince minutos de marxe respecto á primeira.

3. Salvo que, expresamente e por escrito, algún dos vogais sinale outro domicilio, e así o acepte o/a presidente/a, as convocatorias notificaranse no enderezo oficial correspondente á organización ou organismo representado na Comisión.

Artigo 9º.-Orde do día.

1. A orde do día será formulada pola presidencia da Comisión de Goberno e incluirá os asuntos que ela mesma propoña e aqueles cuxa introdución propoñan os seus membros, tanto para a realización das sesións ordinarias coma na solicitude de convocatoria de sesións extraordinarias.

A proposta de inclusión de asuntos na orde do día deberá facerse por escrito coa antelación suficiente.

A orde do día será remitida polo/a secretario/a a todos os membros da Comisión de Goberno xunto coa convocatoria da sesión.

Artigo 10º.-Adopción de acordos.

1. Os acordos da Comisión de Goberno adoptaranse por maioría simple, entendendo por esta a maioría dos membros presentes, sempre que o órgano estea validamente constituído.

As votacións serán individualizadas respecto de cada cuestión obxecto desta. En caso de empate decidirá o voto de calidade do/a presidente/a.

2. Os membros que discrepen dos acordos adoptados poderán formular o seu voto particular de acordo co establecido no artigo 5.1.c, expresando o seu parecer sobre a cuestión formulada que, en todo caso, deberá constar xunto co acordo adoptado.

3. Non poderá ser obxecto de deliberación ou de acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que por parte de todos os membros da comisión presentes sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da unanimidade deles.

4. Cando os membros da Comisión voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, de ser o caso, poida derivar dos acordos.

Artigo 11º.-Actas.

1. De cada sesión que realice a Comisión de Goberno, o/a secretario/a redactará, despois de cada sesión, unha acta na cal fará constar:

a) A indicación das persoas que asistiron, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e a data en que se realizou, os puntos principais de deliberación, a forma e o resultado da votación e o contido dos acordos adoptados.

b) As manifestacións sintetizadas de cada unha das diferentes representacións, incluídos os votos particulares dos membros que discrepen dos acordos adoptados, os cales se incorporarán aos ditos acordos nos termos establecidos no artigo 27 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

c) A hora de finalización da sesión.

2. Cando non se realice a sesión por calquera motivo, o/a secretario/a farao constar mediante dilixencia coa súa sinatura e a do/a presidente/a, na cal se farán constar as causas polas cales non se realizou e, se é necesario, o nome dos asistentes e dos que se escusaron.

3. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión e autorizaraas o/a secretario/a co visto e prace do/a presidente/a. Non obstante, o/a secretario/a poderá emitir informe sobre os acordos específicos que se adoptaron, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.

4. As actas, unha vez aprobadas e autorizadas, incorporaranse ao libro de actas.

Artigo 12º.-Grupos de traballo.

1. Poderanse crear grupos de traballo por acordo da Comisión de Goberno adoptado por maioría simple dos seus membros, no cal se definirán os seus obxectivos, as súas funcións, a composición e a súa duración temporal, de ser o caso.

2. A existencia dos grupos de traballo mencionados estará fundamentada en criterios de excepcionalidade. Conformaranos persoas expertas que poderán ser membros da propia Comisión. O número total de representantes e/ou de persoas expertas deberá ser acordado por maioría simple no seo da Comisión.

3. A finalidade destes grupos de traballo será o desenvolvemento de investigacións e análises específicas en materia de seguridade e saúde laboral que a Comisión de Goberno considere oportunas para optimizar os fins que deba realizar o organismo.

4. No desenvolvemento da súa actividade serán coordinados en xeral polo/a director/a do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, a través do persoal do instituto que proceda.

5. O/a secretario/a da Comisión de Goberno elevará a esta, para o seu coñecemento e adopción de acordos, de ser o caso, o informe de actuación dos grupos de traballo .

Artigo 13º.-Réxime xurídico.

No non previsto neste regulamento será de aplicación o establecido para os órganos colexiados no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 14º.-Reforma.

A iniciativa de reforma do regulamento realizarase por instancia do/a presidente/a ou dun terzo dos membros da Comisión de Goberno. A reforma deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros da Comisión de Goberno.

## *Resolución do 14 de outubro de 2010* (DOG 2/11/2010)

*Resolución do 14 de outubro de 2010 pola que se crea a Comisión para a integración da igualdade e se nomean os seus membros*.

O artigo 3 d) da Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga) (DOG nº 221, do 15 de novembro), sinala como un dos seus fins realizar o seguimento, a coordinación e promover a colaboración de accións en materia de prevención de riscos laborais dos diferentes departamentos da Administración autonómica.

O Decreto 130/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do Issga, (DOG nº 124, do 27 de xuño), impón ao instituto no seu artigo 8.2º a creación da Comisión para a integración da igualdade, como unha comisión permanente de carácter asesor nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos, correspondéndolle á Subdirección Xeral Técnica e de Planificación a coordinación e a xestión da dita comisión. Sinala tamén que a comisión estará presidida pola persoa titular da citada subdirección e, dela, ademais de representantes da autoridade laboral, poderán formar parte representantes das unidades de igualdade dos departamentos da Xunta de Galicia.

Tamén a disposición adicional segunda do Decreto 181/2008, do 24 de xullo, polo que se crea o Consello Galego de Participación das Mulleres no Emprego e as Relacións Laborais, e a integración da igualdade nas políticas de

prevención de riscos laborais (DOG nº 167, do 29 de agosto), e para os efectos da integración activa do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes nos obxectivos e nas actuacións das competencias autonómicas en materia de prevención de riscos, dispón a posible creación da Comisión permanente para a Integración da Igualdade nas Políticas Autonómicas de prevención de riscos laborais, nos termos que se establezan no desenvolvemento da Lei 14/2007, do 30 de outubro.

O 4 de maio de 2010 a Comisión de Goberno do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga), como un dos órganos de dirección do organismo, acorda iniciar os trámites para a constitución da comisión permanente de carácter asesor nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais, coa proposta das persoas designadas pola Administración na súa calidade de presidencia, vogais e secretaría.

A secretaría da Comisión de Goberno, con datas 11 de maio e 9 de xuño de 2010, solicita a designación formal dos técnicos que formarán parte da dita comisión permanente, tres en representación da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) e un en representación de cada organización sindical, que teñen presenza no seo da Comisión de Goberno. A CEG e as organizacións sindicais elevaron á Comisión de Goberno do Issga as súas propostas para a designación dos vogais da Comisión para a integración da igualdade. O 30 de setembro de 2010 a Comisión de Goberno da o visto bo á composición da Comisión para a integración da igualdade.

Co obxecto de procurar o funcionamento da Comisión para a integración da igualdade, que ten por obxectivo asesorar e orientar nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais e, en especial, o impulso de actuacións como propoñer as directrices sobre a avaliación do risco para a saúde da traballadora embarazada, que dera a luz recentemente ou en período de lactación, asesorar as actuacións especiais en materia de prevención de riscos sobre sectores laborais feminizados que realice a Administración pública autonómica ou atender as peticións de asesoramento que reciba, facilitando os criterios e as alternativas para unha correcta aplicación da prevención de riscos laborais, de acordo coas propostas realizadas e facendo uso das atribucións do artigo 6 da Lei 14/2007, do 30 de outubro,

RESOLVO:

Primeiro.-Acordar a creación da comisión permanente de carácter asesor nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos

laborais, prevista no artigo 8.2º, do Decreto 130/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga).

Segundo.-A comisión estará formada por:

a) O presidente ou presidenta da comisión, que será a persoa titular da Subdirección Xeral Técnica e de Planificación do Issga.

b) Tres vogais en representación da Administración, que serán:

-A persoa titular da xefatura do Servizo de Igualdade Laboral da Secretaría Xeral da Consellería con competencias en materia de traballo.

-A persoa titular da Xefatura do Equipo Técnico de Medicina Laboral do centro do Issga na Coruña.

-A persoa titular da Xefatura da Sección de Recoñecementos e Análise do centro do Issga en Lugo.

c) Como vogais, por proposta das súas correspondentes organizacións sindicais, integran a comisión as persoas que se relacionan a seguir:

-Pola Unión Xeral de Traballadores de Galicia: Mar López Fariña.

-Polo Sindicato Nacional de Comisións Obreiras: Susana Martínez Sande.

-Pola Confederación Intersindical Galega: Paula González Grueiro.

d) Como vogais, por proposta da organización empresarial, as persoas que se relacionan a seguir:

Pola Confederación de Empresarios de Galicia:

-Ana Oróns Mata.-Ana García Caeiro.-María José Garrido Herrera.

O secretario ou secretaria da comisión, que será a persoa titular da Sección de Ergonomía e Psicosocioloxía aplicada do Issga.

Terceiro.-Ordenar a publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2010.

Adela Quinzá-Torroja García

Directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

## Follas de Prevención editadas no 2010














Follas de prevención

issga instituto galego de seguridade e saúde laboral

www.issga.es N.º 19 ABRIL 2010

## RISCOS ELÉCTRICOS NO SECTOR NAVAL (II)

■ MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS NO SECTOR NAVAL.

Autoría:

**Víctor Eiroa Bermúdez**
Técnico superior de PRL e enxeñeiro técnico químico industrial
SPM ASIME.

**Dolores Gómez Nistal**
Técnico superior de PRL e licenciada en Filoloxía Hispánica
SPM ASIME.

**Roberto Martínez Vidal**
Técnico superior de PRL e enxeñeiro técnico químico industrial
SPM ASIME.

**Cristóbal Martínez Villaverde**
Técnico superior de PRL e licenciado en Química Analítica
SPM ASIME.

### MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS NO SECTOR NAVAL

#### SINALIZACIÓN DOS EQUIPOS DE TRABALLO ELÉCTRICOS

Este requisito forma parte das medidas preventivas clasificadas como medidas de información, que en ningún caso poderán considerarse como medidas substitutorias das medidas técnicas e organizativas.

Segundo o Real decreto 485/1997, a sinalización de advertencia ante risco eléctrico é a seguinte:

Aínda que non elimine o risco, a sinalización é importante porque indica, en último termo, o risco que está presente.

issga 1



Follas de prevención

issga instituto galego de seguridade e saúde laboral

www.issga.es N.º 20 MAIO 2010

## RISCOS PSICOSOCIAIS

Autoría: Juan Manuel Rodríguez Lorenzo.
Farmacéutico e técnico superior de prevención de riscos laborais.
INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL.

### INTRODUCIÓN

A OIT (1986) define os factores ou riscos psicosociais como *"as interaccións entre as condicións de traballo e as capacidades, necesidades e expectativas dos traballadores, que están influenciadas polos costumes, pola cultura e polas condicións persoais fóra do traballo."*

Este concepto fai referencia a todas aquelas demandas do traballo que poden afectar non só o benestar do traballador –entendido este desde o punto de vista físico, psíquico e social–, senón tamén o desenvolvemento en si do traballo e a satisfacción do propio traballador. Pola súa banda, a OMS define a saúde como o completo benestar físico, psíquico e social, e non só como a ausencia de enfermidade.

A OMS define a saúde como o completo benestar físico, psíquico e social, e non só como a ausencia de enfermidade. As condicións presentes no traballo afectan ao desenvolvemento deste e á satisfacción do propio traballador.

issga 1



Follas de prevención

issga instituto galego de seguridade e saúde laboral

www.issga.es N.º 21 XUÑO 2010

## COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS NAS ACTIVIDADES DE CONSTRUCIÓN E REPARACIÓN NAVAL (I)

Autoría:

**Víctor Eiroa Bermúdez**
Técnico superior de PRL e enxeñeiro técnico químico industrial
SPM ASIME.

**Dolores Gómez Nistal**
Técnico superior de PRL e licenciada en Filoloxía Hispánica
SPM ASIME.

**Roberto Martínez Vidal**
Técnico superior de PRL e enxeñeiro técnico químico industrial
SPM ASIME.

**Cristóbal Martínez Villaverde**
Técnico superior de PRL e licenciado en Química Analítica
SPM ASIME.

### INTRODUCIÓN

Un dos principais factores que aumentan a probabilidade dun accidente na actividade naval é a concorrencia de traballos de diversa índole, xa que nun mesmo centro de traballo xúntanse actividades tan dispares coma incompatibles entre si.

A coordinación de actividades empresariais para a prevención dos riscos laborais deberá garantir o control das interaccións das diferentes actividades desenvoltas no centro de traballo. Deberá facelo particularmente cando poidan xerar riscos cualificados como graves ou moi graves, ou cando se desenvolven no centro de traballo actividades incompatibles entre si pola súa incidencia na seguranza e a saúde dos traballadores. Tamén debe garantir a correcta aplicación dos métodos de traballo por parte das empresas concorrentes.

Por outra banda, hai que ter en conta a complexidade da actividade no tocante á contratación da case totalidade dos traballos nas distintas fases da construción ou reparación.

issga 1



Follas de prevención

issga instituto galego de seguridade e saúde laboral

www.issga.es N.º 22 XULLO 2010

## COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS NAS ACTIVIDADES DE CONSTRUCIÓN E REPARACIÓN NAVAL (II)

Autoría:

**Víctor Eiroa Bermúdez**
Técnico superior de PRL e enxeñeiro técnico químico industrial
SPM ASIME.

**Dolores Gómez Nistal**
Técnico superior de PRL e licenciada en Filoloxía Hispánica
SPM ASIME.

**Roberto Martínez Vidal**
Técnico superior de PRL e enxeñeiro técnico químico industrial
SPM ASIME.

**Cristóbal Martínez Villaverde**
Técnico superior de PRL e licenciado en Química Analítica
SPM ASIME.

### MÉTODO PARA A COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES PARA A CONSTRUCIÓN E REPARACIÓN NAVAL

#### Figuras preventivas

Para a execución da obra serán designadas as seguintes figuras preventivas:

**1. COORDINADOR**

- Empresa titular.
- Empresa auxiliar que subcontrata. (Xa que neste caso é empresa principal ante as súas contratas deberá dispoñer dun coordinador, o cal actúa como recurso preventivo ante a empresa titular.)

issga 1



Follas de prevención

instituto galego de seguridade e saúde laboral

www.issga.es N.º 23 AGOSTO 2010

## SOLDADURA ELÉCTRICA NA ACTIVIDADE NAVAL

Autoría:

**Victor Elrea Bermúdez**
Técnico superior de PRL e enxeñeiro técnico químico industrial
SPM ASIME

**Dolores Gómez Nistal**
Técnico superior de PRL e licenciada en Filoloxía Hispánica
SPM ASIME

**Roberto Martínez Vidal**
Técnico superior de PRL e enxeñeiro técnico químico industrial
SPM ASIME

**Cristóbal Martínez Villaverde**
Técnico superior de PRL e licenciado en Química Analítica
SPM ASIME

### INTRODUCIÓN

A soldadura eléctrica ao arco é un proceso polo cal se unen dous metais, fundindo ambos por medio dun arco eléctrico e agregando entre eles un material de recheo fundido, que ao arrefriarse, fai que se unan os metais de forma fixa. Aínda que existen outros tipos de soldadura (soldadura química, por chama de gas, presión, etc.), a soldadura eléctrica ao arco é sen dúbida a máis usada na actividade naval.

O soldador será a persoa encargada de realizar estes traballos, que abarcan desde a soldadura de chapas, pezas e pequenas estruturas nos talleres navais, ata a soldadura nos estaleiros das grandes estruturas e bloques que conforman os buques, así como calquera outro tipo de soldadura necesaria durante o proceso produtivo, como tubaxes, soportes, elementos auxiliares para transporte de estruturas, etc.

issga 1

xaneiro febreiro marzo abril maio xuño xullo agosto setembro outubro novembro decembro

XUNTA DE GALICIA